# Facultade de Educación e Traballo Social

# Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

## Materias

### Curso 1

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| O05M138V01-76080-S | Sexualidad, género y etnicidad | 1c | 4.5 |
| O05M138V01101 | Interculturalismo en Entornos Socio-educativos | 1c | 4.5 |
| O05M138V01102 | Interculturalismo en Contextos Escolares | 1c | 4.5 |
| O05M138V01103 | Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acollida | 1c | 4.5 |
| O05M138V01104 | Desenvolvemento Comunitario | 1c | 4.5 |
| O05M138V01105 | Compensación das Desigualdades na Educación | 1c | 4.5 |
| O05M138V01106 | Calidade de Vida para as Persoas Maiores | 1c | 4.5 |
| O05M138V01107 | Educación de Adultos | 1c | 4.5 |
| O05M138V01109 | Xénero e Educación | 1c | 4.5 |
| O05M138V01201 | Calidade de Vida das Persoas con Discapacidade | 2c | 4.5 |
| O05M138V01202 | Medidas de Atención á Diversidade para Persoas con Altas Capacidades | 2c | 4.5 |
| O05M138V01203 | Medidas de Atención á Diversidade para Alumnas/Alumnos con Necesidades Educativas | 2c | 4.5 |
| O05M138V01204 | Prácticum | 2c | 12 |
| O05M138V01205 | Traballo de Fin de Máster | 2c | 12 |

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Sexualidad, género y etnicidad** | | | | |
| Materia | Sexualidad, género y etnicidad | | | |
| Código | O05M138V01-76080-S | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 4.5 | OP | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa | | | |
| Coordinador/a | Lameiras Fernández, María | | | |
| Profesorado | Carrera Fernández, María Victoria<br>Lameiras Fernández, María | | | |
| Correo-e | lameiras@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://www.masterdiversidade.com/index.php | | | |
| Descrición xeral | Esta materia trata de presentar as definicións e redefinicións da categoría de xénero e a súa intersección coa etnia, a idade, a preferencia sexual, como coas culturas non hexemónicas, entre outras, co fin de dar a coñecer as complexas interseccións constitutivas das relacións e das identidades subalternas. Tamén preténdese analizar como se constrúe a diferencia e como o diferente tende a equipararse co particular, co deficiente, co periférico fronte ao universal e central- orixinando relacións de poder asimétricas. En definitiva, poder recoñecer o qué é o xénero, o por qué do xénero e o para qué do xénero. Todas as culturas utilizan as diferencias biolóxicas (físicas) como base para faceren distincións sociais que supoñen a asignación de valores, cualidades e normas en función do sexo ao que pertenecemos. Este proceso, que comenza no nacemento e se estende ao longo de toda a vida das persoas, coñécese co nome de socialización sexo-xenérica, segundo a cal, sobre a base da existencia de dous sexos biolóxicos diferentes (sexo) constrúense as características, trazos e conductas socialmente aceptadas para cada un deles (estereotipos de xénero) sen dar cabida a individualidades que se constrúan e desenvolvan máis aló desta dicotomía hexemónica.<br>Desta forma, nas sociedades patriarcales, o mundo configúrase en dúas esferas diferenciadas: a masculina e a feminina; en dous submundos non só diferentes, senón subordinados, ou o que é o mesmo, desiguais. A esfera masculina, xerárquicamente superior, que constitúe o referencial, a norma; e a esfera feminina, xerárquicamente subordinada, que constitúe o desviado, o outro. Esta realidade construída desigual e asimétrica foise maquillando nas últimas décadas, nas que se desdebuxan as súas formas máis discriminatorias e sexistas, que xa non son politicamente correctas, cara a formas máis sutís e encubertas coas que seguir mantendo a xerarquía entre os xéneros, o que non supuxo un verdadeiro cambio estructural.<br>Así, consideramos que o xénero e a identidade sexual son dous sistemas relacionais que se transforman, segundo as coordenadas socioeconómicas e culturais de cada época e espacio concreto. Todas as culturas institúen -co fin de modelar a organización social-, procesos políticos formais e informais que troquelan o alcance do permitido e, por ende, o ámbito do que non se acopla ao pautado: a diversidade. De aí que o pautado sexa o hexemónico. Os indicadores das restriccións sexuais son moi variables nos distintos momentos históricos e nas distintas culturas. Postulados tales como a universalidade da dominación masculina e da subordinación social da muller, ou da heteronormatividade sexual, como realidades transhistóricas e panculturais, van a ser debatidas e examinadas nesta materia proposta | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|
| Código |

| Resultados previstos na materia | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |

| Contidos | |
|---|---|
| Tema | |
| A CONSTRUCCIÓN DAS IDENTIDADES SEXO/XÉNERO: | A construcción das identidades sexo/xénero: a construcción social da inferioridad das mulleres nas sociedades patriarcais<br><br>Estereotipos descriptivos (características) prescriptivos (roles).<br><br>Sexismo e mixosinia |

| | |
|---|---|
| PERSPECTIVAS TRANSCULTURAIS DO XENERO NUN MUNDO GLOBAL E DIXITAL | Os dereitos humanos e os dereitos sexuais<br><br>Tecnoloxías dixitais e novas formas de violencia de xénero: Violencia Sexual Facilitadas polas Tecnoloxías<br><br>Sexualidade, explotación e mercados globais do corpo: a mercantilización do corpo das nenas e mulleres |
| HISTORIA DO FEMINISMO: AS ONDAS FEMINISTAS | Antecedentes históricos e ideolóxicos do feminismo: as pioneiras<br>O nacemento do feminismo: século XVIII - principios do século XIX<br>Primeira onda feminista (siglo XIX - principios do século XX): o sufraxismo<br>Segunda onda feminista (mediados do século XX - década de 1980): o personal é político<br>Terceira onda feminista (1990-actualidada): feminismos interseccionais e queer<br>¿Cuarta onda feminista? |
| (*)HISTORIA DEL FEMINISMO: Las OLAS FEMINISTAS | (*)Antecedentes históricos e ideológicos del feminismo: las pioneras<br>El nacimiento del feminismo: siglo XVIII - principios del siglo XIX<br>Primera ola feminista (siglo XIX - principios del siglo XX): el sufragismo<br>Segunda onda feminista (mediados del siglo XX - década de 1980): lo personal es político<br>Tercera ola feminista (1990-actualidad): feminismos interseccionales y queer<br>¿Cuarta ola feminista? |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | 0 | 40 | 40 |
| Presentación | 0 | 28 | 28 |
| Lección maxistral | 16 | 0 | 16 |
| Traballo tutelado | 8 | 20.5 | 28.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | O/a estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor ou profesora. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do/da estudante. |
| Presentación | Presentación oral do traballo a profesora encargada da súa avaliación. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo ou pola estudante. |
| Traballo tutelado | O alumnado, de xeito individual, elabora un traballo incorporando as novas tecnoloxias sobre a temática da materia. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Presentación | O alumnado será titorizado nas sesións de titoria das respectivas docentes para o adecuado desenvolvemento dos traballos tutelados |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | Asistencia á clase e participación. Valoración das actividades realizadas na aula e asistencia a actividade de módulo. | 40 | |
| Presentación | Asistencia a actividade de Modulo | 20 | |
| Traballo tutelado | Traballo fora da aula de análise de documentos obrigatorios e tamén se podrán incluir opcionalmente materiais optativos de lectura. O traballo implica a utilización das novas tecnoloxias para presentar as reflexions/conclusions derivadas dos documentos analizados. | 40 | |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación CONTINUA: Aquel alumnado que asiste un 80% ás clases programadas a valoración da actividade de módulo será do 10% da nota, a valoración da asistencia a clase e participación nas actividades programas na aula será do 30% da nota, o

traballo AUDIOVISUAL tutelado fose da aula computará o 40% da nota.

As actividades non superadas na primeira convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo.

O alumnado que por motivo xustificado non poida asistir a todas as sesións presenciais contará con actividades alternativas.

Avaliación GLOBAL: Aquel alumnado que non asiste ao 80%. Actividade de módulo: 10%, ata 1 punto. Traballo audiovisual tutelado 40%, presentación do traballo 20% e elaboración dunha revisión teórica sobre os contido da materia expostos en proba oral un 30%.

---

En coherencia co recoñecemento da Facultade de Educación e Traballo social co distintivo de igualdade da Universidade de Vigo nesta materia traballaranse contidos que promovan a igualdade real entre mulleres e homes.

En coherencia co principio inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender as necesidades especificas de apoio educativo que presenta o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme as directrices da FETS (Normativa e formularios  Facultade de Educación e Traballo Social) e á Normativa que estableza a UVigo.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica


LAQUEUR THOMAS, **La construcción del sexo. Cuerpo y género desde los griegos hasta Freud**, Catedra, 1994

NASH, MARY, **Mujeres en el mundo: Historia, retos y movimientos**, Alianza Editorial, 2004

FAUSTO-STERLING, ANNE, **Cuerpos sexuados**, Melusina, 2006

BRAIDOTTI, ROSI, **Feminismo, diferencia sexual y subjetividad nomada**, Gedisa, 2004

Rosa Maria Magda, **La mujer molesta**, Menades Editorial, 2019

Ekis Ekman, **sobre la existencia del sexo**, Cátedra, 2021

Lameiras, M., Rodriguez, Y. y Adá A., **el cuerpo del delito: la cosificación sexual de las mujeres**, Tirant Humanidades, 2022

Alicia Mirayes, **Distopias Patriarcales**, Cátedra, 2021

Amelia Valcarcel, **La civilización feminista**, La esfera de los libros, 2023

Harris, Olivia y Young, Kate (comps), **Antropologia y feminismo**, Anagrama, 1977

Moore, Henrietta, **Antropologia y feminismo**, Cátreda, 1999

Fine, Cordelia, **Cuestión de sexos**, Roca Editorial de Libros, 2011

Fine, Cordelia, **Testosterona REX**, Espasa Libros, 2017

Rippon, Gina, **El género y nuestros cerebros**, Galaxia Gutenberg, 2020


### Bibliografía Complementaria

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xénero e Educación/O05M138V01109

### Outros comentarios

Esta materia enmarcase nunha facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna das persoas. Atendo a esta filosofia, esta materia promoverá practicas educativas en base a materiais de baixo impacto ambientais en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Interculturalismo en Entornos Socio-educativos** | | | | |
| Materia | Interculturalismo en Entornos Socio-educativos | | | |
| Código | O05M138V01101 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 4.5 | OP | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa | | | |
| Coordinador/a | Fernández Simo, Jesús Deibe | | | |
| Profesorado | Blanco Pardo, Nazaret<br>Fernández Simo, Jesús Deibe<br>Jesús Rodríguez, María Elena | | | |
| Correo-e | jesfernandez@uvigo.gal | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia forma parte do módulo Interculturalismo e educación, no que tamén se inclúe "Interculturalismo en contextos escolares".<br>Os estudantes cursan en primeiro lugar esta materia, que pretende fornecer un panorama dos desafíos sociais e culturais que plantexa a realidade multicultural e multilingüe da Comunidade Autónoma Galega, designadamente visibilizada pola recente e cada vez máis relevante presenza de imigrantes e retornados, e que tenta construir respostas innovadoras desde o interculturalismo crítico para o ámbito socioeducativo en xeral.<br>É por iso que entendemos esta materia como un espazo de reflexión crítica que interprete tamén desde unha óptica xeográfica o fenómeno da mobilidade e das migracións, que formule propostas innovadoras sobre a xestión da diversidade lingüística e cultural para a Galiza do século XXI e que impulse un diálogo intercultural igualitario con persoas, colectivos e asociacións de inmigrantes de diferentes culturas e linguas co obxectivo de achar valores compartidos para a convivencia e solucións comúns para a superación das barreiras sociais, para alén de proporcionarlle ao alumnado os recursos necesarios para estimular e potenciar a súa capacidade de autocrítica no plano das crenzas, actitudes e condutas estereotipadas e prexuizosas fronte ás persoas e grupos pertencentes a outras culturas.<br>En conclusión, a materia "Interculturalismo en entornos socio-educativos" participa na consecución daqueles obxectivos do máster que fan referencia, especialmente, á adquisición de formación teórica de carácter multidisciplinar no ámbito do interculturalismo, a análise de situacións reais e de experiencias educativas innovadoras, así como no coñecemento, deseño, desenvolvemento e avaliación de programas, actividades e materiais de carácter socioeducativo e intercultural. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| A2 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos relacionados coa diversidade e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| A3 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades. |
| A5 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B1 | Adquirir unha formación teórica de carácter multidisciplinar e comprender os fundamentos teóricos-prácticos relacionados cos ámbitos de diversidade, con énfase nas necesidades educativas especiais, interculturalismo, compensación de desigualdades, sexo/xénero e educación de persoas adultas. |
| B2 | Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación. |
| B4 | Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas. |
| B5 | Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, nomeadamente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos. |
| C1 | Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de decribir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar |

| | |
|---|---|
| C2 | Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras |
| C3 | Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador |
| C7 | Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade |
| C8 | Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe relacionado con algún dos módulos do mestrado |
| C9 | Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade |
| C12 | Ser capaz de emitir unha valoración crítica sobre programas, materiais e prácticas educativas e socio-educativas relacionadas coa diversidade |
| C13 | Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade |
| D2 | Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios |
| D3 | Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade |
| D4 | Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas |
| D5 | Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de opinións |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| Reforzar a capacidade de saber aplicar os coñecementos adquiridos á resolución de problemas en contextos amplos e interdisciplinarios mediante, entre outras metodoloxías, estratexias de aprendizaxe cooperativa e de aprendizaxe baseada en problemas/casos/proxectos | A2<br>A5 | B4<br>B5 | C2<br>C8 | D2<br>D5 |
| Desenvolver representacións e actitudes positivas cara as diferentes linguas e culturas | A2 | B1 | C13 | D3 |
| Analizar e avaliar os diferentes modelos de xestión da diversidade lingüística e cultural | A2 | B4 | C2<br>C3 | D5 |
| Promover movementos, asociacións e entidades de educación no ocio e no tempo libre que estimulen a presenza e a participación de crianzas, mozos e mozas inmigrantes e retornados para codefinir e coconstruir un mundo de todos desde o diálogo libre de imposicións | A3 | B4<br>B5 | C7<br>C13 | D2<br>D3 |
| Deseñar programas e/ou actividades e materiais de uso por asociacións de atención a colectivos culturalmente diversos, para favorecer a normalización da convivencia de diferentes culturas | A5 | B4<br>B5 | C2<br>C3<br>C12 | D2<br>D5 |
| Analizar e valorar prácticas educativas innovadoras relacionadas coa normalización da convivencia no ámbito local | A2 | B2 | C12<br>C13 | D2 |
| Identificar os servizos socio-comunitarios e as súas actividades profesionais que se ofrecen a inmigrantes individual ou colectivamente | A2 | B5 | C7 | D3 |
| Levar a cabo actividades de planificación e avaliación de iniciativas interculturais, empregando metodoloxías que favorezan o traballo colaborativo entre alumnado, profesionais e con asociacións de inmigrantes | A2<br>A3 | B4 | C2<br>C8 | D3<br>D5 |
| Ser capaz de valorar positivamente os sistemas culturais minoritarios, incluído o propio, que, paradóxicamente, se pode considerar minoritario no propio territorio, por baixa autoestima e carencia dunha política de posta en valor dos valores culturais galegos e os relacionados coas colectividades xeográficamente próximas | A2 | B4<br>B5 | C8<br>C9<br>C12 | D3<br>D4 |
| Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos xeográficos ó seu traballo no campo do interculturalismo | A2 | B1 | C1<br>C3 | D4 |
| Proporcionar os recursos necesarios para potenciar a súa capacidade reflexiva e para adoptar unha actitude responsábel, respectuosa e cooperativa no traballo con persoas e grupos de inmigrantes | A2<br>A3 | B2<br>B5 | C2<br>C9 | D3<br>D5 |
| Coñecer os diferentes enfoques teóricos e análises da realidade da convivencia entre colectivos con diferenzas lingüísticas e culturais | A2 | B1<br>B2 | C1<br>C12 | D2<br>D4<br>D5 |
| Reflexionar sobre os contributos que a Psicoloxía Social pode ofrecer como ferramenta explicativa á hora de dar conta dos procesos que rixen a conduta interpersoal e intergrupal | A2 | B1<br>B4 | C1<br>C2 | D2 |
| Contribuír á educación intercultural profundizando no coñecemento dos fenómenos subxacentes ao desenvolvemento de prexuízos e de actitudes e comportamentos discriminativos fronte ás persoas diferentes | A2<br>A5 | B1<br>B2<br>B5 | C3<br>C12 | D3 |
| Lograr competencias para manexar eficazmente os conflitos intergrupais xurdidos no ámbito da multiculturalidade e para promover actitudes cooperativas previndo e/ou reducindo os prexuízos | A5 | B4 | C3<br>C9<br>C13 | D3<br>D5 |
| Saber interpretar críticamente os mecanismos (latentes ou manifestos, conscientes ou inconscientes) mediante os que a cultura ou os colectivos dominantes continúan a manter minorizados a grupos lingüísticos, étnicos, socioculturais... | A2<br>A5 | B1<br>B5 | C1<br>C9<br>C12 | D2<br>D4 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. O direito á diferenza. Implicacións socioeducativas do interculturalismo | 1.1. A educación intercultural nos contextos socioeducativos<br>1.2. Interculturalismo e educación para a paz<br>1.3. Experiencias socioeducativas na nosa realidade |
| 2. A perspectiva intercultural desde a movilidade xeográfica | 2.1. As migracións no mundo actual<br>2.2. A integración na comunidade local da diversidade sociocultural |
| 3. Aspectos psicosociais das comunidades con diversidade social e cultural | 3.1. Estereotipos: clasificación, funcións e orientacións teóricas<br>3.2. Relación entre estereotipo, prexuízo e discriminación<br>3.3. As relacións intergrupais. Enfoques teóricos: teoría do conflito realista e teoría da identidade social<br>3.4. Psicoloxía social aplicada á resolución de conflitos intergrupais. Cambio de actitudes e redución de prexuízos |
| 4. A xestión do plurilingüismo e do interculturalismo en Galicia como desafío histórico | 4.1. Principios, estratexias e boas prácticas para unha política plurilingüe e intercultural<br>4.2. Caracterización e tipoloxía de situacións pluriculturais e plurilingües complexas. Galicia como desafío e como proxecto |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | 11 | 12 | 23 |
| Seminario | 6 | 18 | 24 |
| Seminario | 4 | 4 | 8 |
| Lección maxistral | 7 | 17.5 | 24.5 |
| Presentación | 2 | 2 | 4 |
| Práctica de laboratorio | 0 | 4 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante |
| Seminario | Convite a persoas con experiencia práctica. Reflexión sobre a súa actuación profesional e o labor que desenvolve a entidade na que traballa |
| Seminario | Axuda para a realización dos TRABALLOS TUTELADOS. O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción... |
| Lección maxistral | Exposición ao alumnado da información básica sobre os contidos da materia e/ou directrices sobre os traballos, exercicios ou proxectos a desenvolver polos discentes de forma individual ou colectiva |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. |

## Atención personalizada

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Traballo tutelado | O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante |
| Seminario | Axuda para a realización dos TRABALLOS TUTELADOS. O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción... |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Práctica de laboratorio | Os estudantes, individualmente ou en pequeno grupo, presentan e defenden nas sesións presenciais respostas ben argumentadas a cuestións suscitadas por eles mesmos ou polo profesor. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | Valoración das actividades realizadas na aula. Elaboración de conclusións respecto aos contidos da materia | 40 | A2<br>A3 | B4<br>B5 | C1<br>C2<br>C9<br>C12<br>C13 | D4<br>D5 |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun caso relacionado cos contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. | 40 | A2<br>A3<br>A5 | B1<br>B2 | C1<br>C2<br>C8<br>C9 | D2<br>D3 |
| Práctica de laboratorio | Participación da actividade de módulo | 20 | A3 | B4 | C3<br>C12 | D4<br>D5 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

As actividades non superadas na 1.ª convocatoria poderán recuperarse na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións previamente acadadas.

Os dez puntos da cualificación global da materia corresponderán a:

**ALUMNADO ASISTENTE**

- **2 PUNTOS:** Participación na actividade do módulo e realización das tarefas derivadas dela. Valorarase a participación e a implicación.

- **4 PUNTOS:** Presentación na aula da resolución dun caso proposto polo equipo docente e da súa relación cos contidos da materia. Valorarase:

Dominio do contido: 30 %
Comunicación oral: 20 %
Organización e estrutura: 15 %
Habilidades de presentación: 15 %
Recursos visuais: 10 %
Xestión do tempo (entre 5 e 8 minutos): 5 %
Interacción coa aula durante a presentación: 5 %

- **4 PUNTOS:** Traballo tutelado de elaboración de conclusións sobre os contidos da materia. Valorarase:

Asistencia e implicación no seguimento da actividade: 20 %
Calidade do contido: 40 %
Presentación escrita: 15 %
Exposición oral e defensa: 25 %

O alumnado que, por motivos xustificados, non poida asistir ao 80 % das sesións presenciais contará con actividades alternativas.

**AVALIACIÓN DO ALUMNADO NON PRESENCIAL**

- **1 PUNTO:** Participación nas titorías de seguimento. Valorarase a participación e a implicación. Realizaranse dúas titorías de seguimento do traballo do alumnado non presencial.

- **4 PUNTOS:** Presentación na aula da resolución dun caso proposto polo equipo docente e da súa relación cos contidos da materia. Valorarase:

Dominio do contido: 30 %
Comunicación oral: 20 %
Organización e estrutura: 15 %
Habilidades de presentación: 15 %

Recursos visuais: 10 %
Xestión do tempo (entre 5 e 8 minutos): 5 %
Interacción coa aula durante a presentación: 5 %

- **4 PUNTOS:** Traballo tutelado de elaboración de conclusións sobre os contidos da materia. Valorarase:

Asistencia e implicación na titoría de seguimento: 20 %
Calidade do contido: 40 %
Presentación escrita: 15 %
Exposición oral e defensa: 25 %

- **1 PUNTO:** Reflexión persoal sobre tres textos acordados co equipo docente da materia. O traballo deberá presentarse na data oficial do exame.

Valorarase:

Calidade do contido: 40 %
Presentación escrita: 20 %
Exposición oral e defensa: 40 %

As presentacións do alumnado non presencial realizaranse na data oficial do exame.

**RECOMENDACIÓNS E OUTROS COMENTARIOS**

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, promoveranse prácticas educativas baseadas en materiais de baixo impacto ambiental, en coherencia cos principios de sustentabilidade e cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender as necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, a planificación, os recursos metodolóxicos e o sistema de avaliación adaptaranse para o persoal educador en exercicio que acredite un horario incompatible coa asistencia ás clases presenciais; en todo caso, garantirase a consecución das competencias e dos resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi no que se informará das tarefas e probas de avaliación que orientarán o desenvolvemento desta materia para este alumnado.

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios  Facultade de Educación e Traballo Social) e á normativa que estableza a UVigo.

| **Bibliografía. Fontes de información** |
| --- |
| **Bibliografía Básica** |
| Cid, X. M.; Soutelo, R. Dominguez, X. C., **As migracións nas sociedades contemporáneas: os desafíos na Galicia actual (tema 1)**, Sotelo Blanco, 2008 |
| Valero Matas, J.A., **La educación social ante los nuevos retos de la inmigración y los servicios sociales (tema 1)**, Universidad de Valladolid, 2008 |
| Nogué Font, J. et Rufí, J. V., **Geopólítica, identidad y globalización (tema 2)**, Ariel, 2001 |
| VV.AA., **Atlas mundial ilustrado (tema 2)**, Everest, 2006 |
| Zárate Martín, M. A., et Rubio Benito, M. T., **Geografía Humana. Sociedad, Economía y Territorio (tema 2)**, Ed. Ramón Areces, 2005 |
| Expósito, F. et Moya, M. (coords.), **Aplicando la Psicología social (tema 3)**, Pirámide, 2005 |
| Martínez García, M. F., **Diversidad cultural: una oportunidad y un desafío para la convivencia. Psicología científica (tema 3)**, www.psicologiacientifica.com, 2006 |
| Vila, E. (coord.), **Pedagogía de la alteridad. Interculturalidad, género y educación (tema 3)**, Popular, 2007 |
| Beacco, J. C. et al., **Guide pour le développement et la mise en oeuvre de curriculums pour une éducation plurilingue et interculturelle (tema 4)**, Edición revisada en 2015, Conseil de l´Europe-DPL, 2016 |
| Beacco, J. C. et Byram, M., **Guide pour l´élaboration des politiques linguistiques éducatives en Europe (tema 4)**, Conseil de l´Europe-DPL, 2007 |
| Conseil de l´Europe-Comité de Ministres, **Libro Blanco sobre el diálogo intercultural (tema 4)**, Versión Ministerio de Cultura, 2009 |
| Leclerc, j., **L´aménagement linguistique dans le monde (tema 4)**, Última versión electrónica, CEFAN, Université Laval, 2016 |

**Bibliografía Complementaria**


Proxecto Atántida, **nterculturalidad y Educación: Un nuevo reto para la sociedad democrática**, 2003

Aguilar, M.J. (dir.), **Inmigración, interculturalidad y ciudadanía. Nuevas realidades y estrategias de acción en la España del siglo XXI**, Edición en DVD-ROM, UCLM-MCYT, 2005

Cid, X. M.; Feijoo, X.; Veloso, S. et Carita, L., **A experiencia de Ponte... nas ondas! e a candidatura do patrimonio inmaterial galego-português á UNESCO. In Pereiro, X. (coord): As fronteiras e as identidades raianas entre Portugal e España**, Galaxia, 2007

Cid, X. M. et Fernández, R., **Camiños para o encontro Galicia  Portugal. In Claves de educación e de cultura**, Lethes, 7, 50-69, 2006

Cid, X. M., Dapía, M. D. Heras, P. Payá, M., **alores transversales en la práctica educativa**, Síntesis, 2001

García Molina, J. et Marí, R. (coodds.), **Pedagogía social y mediación educativa**, Asociación de Educadores Sociales de C-LM, 2002

González, S., **Abrente incerto. Pobreza, dereitos humanos e desenvolvemento na Galicia de hoxe**, Sotelo Blanco, 1999

Jares, X. R. (coord.), **Educación e Paz II. Presente e futuro da construcción da Paz**, Xerais, 2008

Suárez Sandomingo, J. M. (Coord.), **La interculturalidad pedagógica: nuevos enfoques, nuevas prácticas**, Axac, 2005

Touriñán, J. M. et Santos, M. (eds.), **Interculturalidad y educación para el Desarrollo. Estrategias sociales para la comprensión internacional**, Xunta de Galicia, 1999

VV.AA., **Curso de castellano para inmigrantes y refugiados**, Fundación Largo Caballero, 2000

Corna-Pellegrini, G., **La reflexión geográfica para prepararse al multiculturalismo**, Scripta Nova, 94 (2), 1-13., 2001

Brown, R., **Prejuicio: su psicología social**, Alianza Editorial, 1998

Essomba, M. A., **Diez ideas clave. La gestión de la diversidad cultural en la escuela**, Graó, 2008

Rodríguez, A., **Psicología social de los prejuicios. In Álvaro, J.L., Garrido, A. et Torregrosa, J.R. (coords.). Psicología social aplicada**, McGraw-Hill, 1996

Solé, C. (ed.), **Racismo, etnicidad y educación intercultural**, Universitat de Lleida, 1996

Solé, C., **Visiones teóricas y actualidad del racismo**, Universitat Autònoma de Barcelona, 1996

Van Dijk, T., **Racismo y discurso de las elites**, Gedisa, 2003

VV.AA., **La interculturalidad que viene. El diálogo necesario**, Icaria, 1998

Burgueño, J., **El mapa escondido: las lenguas de España**, Boletín de la A.G.E., 34, 171-192, 2003

Castellotti, V. et Moore, D., **Valoriser, mobiliser et développer les répertoires plurilingues et pluriculturelles pour une meilleure intégration**, Conseil de l´Europe-UPL, 2010

Conseil de l´Europe-UPL, **Migrants adultes: intégration et éducation**, www.coe.int/lang-migrants (Site ILMA), 2015

Conseil de l´Europe-UPL, **Enfants et Adolescents issus de l´immigration. Intégration et éducation**, www.coe./lang/fr, 2013

Consello da Cultura Galega, **A(s) lingua(s) a debate. Inquérito sobre opinións, actitudes e expectativas da sociedade galega**, Edición revisada e ampliada, 2012

Duarte Collazo, S., **O estándar galego: reintegracionismo vs. autonomismo**, Romanica Olomucensia, 26 (1), 1-13, 2014

Esteban-Guitart, M. et Saubich, X., **La práctica educativa desde la perspectiva desde los fondos de conocimiento e identidad**, Teoría Educativa, 25, 189-211, 2013

Fernández Bello, P., **Bases para un espacio comunicativo común Galiza- Norte de Portugal (texto presentado a la Conferencia Internacional de Barcelona sobre el Plurilingüísmo en Europa)**, AGALIA, 27, 363- 371, 1991

Fernández Bello, P., **Galiza-Gallaecia-Portugal: umha realidade negada**, AGALIA, 43, 285-297, 1995

Garrido, C., **Estado actual e perspectivas da norma lexical**, AGALIA, 57, 3-25, 1999

Garrido, C., **Estratégia para a habilitaçom em galego das línguas especializadas científico-técnicas. In Lingua e Investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos**, Servizo de Publicacións, 2006

González González, M (dir.), **Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia**, RAG-Seminario de Sociolingüística, 2007

González González, M. (dir.), **Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 2: Usos lingüísticos en Galicia**, RAC-Seminario de Sociolingüística, 2008

Instituto Galego de Estadística (IGE), **Enquisa de condición de vida das familias. Coñecemento e uso do galego. Ano 2013. Resumo de Resultados**, Xunta de Galicia, 2014

González González, M. (dir.), **Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 3: Actitudes lingüísticas en Galicia**, RAC-Seminario de Sociolingüística, 2011

Lagares, X. C., **O galego em seu labirinto: breve análise glotopolítica**, Letras, Santa Maria, 21 (42), 97-128, 2011

Little, D. (dir.), **Intégration linguistique et educative des enfants et adolescents issus de l´immigration**, Conseil de l´Europe-UPL, 2010

McPake, J. et Tinsley, T. (coords.), **Valoriser toutes les langues en Europe**, Centre européen pour les langues vivants, 2007

Mian Massana, A., **La regulación constitucional del multilingüismo**, Revista Españpla de Derecho Constitucional, 10, 12, 1984

Monteagudo, H. et Alonso Pintos, S., **Que lusofonia para a Galiza**, Anuario Internacional de Comunicaçâo Lusófona/2010, 2010

Monteagudo, H. (dir.), **O idioma galego na sociedade: a evolución sociolingüística 1992-2008**, Consello da Cultura Galega/SS, 2011

Monteagudo, H., **Política lingüística en Galicia: apuntes para un nuevo balance**, QVR, 39, 21-39, 2012

Ramallo, F., O´Rourke, B., **Perfiles neohablantes de gallego. In Puigdevall, M. (coord.), Los nuevos hablantes de lenguas minoritarias: pertinencias y legitimidades [dosier en línea]**, Digithum, 16, 98-105, 2014

Santos Rego, M. A., Lorenzo, M., Samartino, E., **Los nuevos aprendices del gallego. Articulando materiales para el empoderamiento lingüístico y la inclusión educativa**, Segundas lenguas e inmigración en red, 3, 106-123, 2010

Santos Rego, M. A., Cerndas Ríos, F. X., Lorenzo Moledo, M. M., **O profesorado de educación infantil e primaria diante da inmigración e da educación intercultural**, Eduga: Revista Galega do Ensino, 63, 43-62, 2012

Thürmann, E., Volmer, H. et Pieper, I., **Langue de scolarisation et apprenants vunérables**, Conseil de l´Europe-UPL, 2010

Xunta de Galicia, **Plan de acollida. Orientacións para a súa elaboración. Materias de apoio ao profesorado para a atención educativa ao alumnado procedente do extranxeiro**, Grafisant, 2005

Xunta de Galicia, **Memorando de entendemento entre a Xunta de Galicia e o Camões para a adopción do portugués como lingua extranxeira**, 2015

Xunta de Galicia-DOGA, **Decreto 79/2010 para el plurilingüismo en la ensññanza no universitaria de Galicia**, 2010

Xunta de Galicia-DOGA, **Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía**, 2014

## Recomendacións

### Outros comentarios

O calendario de actividades de aula estará ao dispor dos discentes desde a sesión de acollida ao Máster.
Na presentación da materia, tamén se entregará aos presentes unha copia do POWER POINT no que se suliñan as DIMENSIÓNS TRANSVERSAIS aos cuatro temas impartidos por profesorado diferente pondo en destaque a unidade englobante apuntada polo título da materia.

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Interculturalismo en Contextos Escolares

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Interculturalismo en Contextos Escolares | | | |
| Código | O05M138V01102 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 4.5 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Departamento da E.U. de Formación de Profesorado de E.X.B. (Vigo)<br>Didácticas especiais | | | |
| Coordinador/a | Casal de la Fuente, Lucía | | | |
| Profesorado | Casal de la Fuente, Lucía<br>Martínez Carrera, Sara | | | |
| Correo-e | lucia.casal@uvigo.gal | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia participa na consecución dos obxectivos do máster que fan referencia, especialmente, á formación teórico-práctica de carácter multidisciplinar no ámbito do interculturalismo, á análise de situacións reais e de experiencias educativas innovadoras ou exemplos de boas prácticas, así como no coñecemento, utilización e deseño de actividades e recursos para a abordaxe do interculturalismo nos centros escolares. | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| A5 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B4 | Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas. |
| B5 | Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, nomeadamente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos. |
| C1 | Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de decribir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar |
| C2 | Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras |
| C3 | Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador |
| C5 | Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica |
| C6 | Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional |
| C8 | Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe relacionado con algún dos módulos do mestrado |
| C12 | Ser capaz de emitir unha valoración crítica sobre programas, materiais e prácticas educativas e socio-educativas relacionadas coa diversidade |
| C13 | Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade |
| D1 | Utilizar as novas tecnoloxías en diferentes contextos: formativos, de investigación, de aplicación profesional, para difundir e compartir ideas, etc. |
| D2 | Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios |
| D3 | Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade |
| D4 | Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Analizar e comparar os diferentes modelos de relación entre culturas, dende a segregación ao interculturalismo | | B5 | C1<br>C3<br>C8 | D3<br>D4 |
| Analizar e valorar diferentes plans de acollida patrocinados por comunidades autónomas. | | B5 | C1<br>C6<br>C12<br>C13 | D3 |
| Analizar diferentes modelos de inmersión lingüística no contexto escolar. | A5 | B4 | C3 | |
| Levar a cabo actividades de planificación e avaliación de iniciativas interculturais, empregando metodoloxías que favorezan o traballo colaborador entre alumnado e profesionais e asociacións de migrantes. | A5 | B4 | C2<br>C5<br>C8 | D1 |
| Coñecer as características básicas da competencia plurilingüe e a súa relación coa competencia intercultural. | | | C12 | D1 |
| Analizar e emitir xuízos críticos sobre prácticas educativas innovadoras relacionadas co interculturalismo nas aulas. | | B5 | C12<br>C13 | D3 |
| Utilizar tecnoloxías dixitais para a localización de materiais interculturais e multilingüísticos. | | B4 | C12 | D1<br>D2 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. O interculturalismo nas institucións escolares. | O camiño da multiculturalidade á interculturalidade. O interculturalismo.<br>Respostas das institucións escolares á coexistencia de diferentes culturas.<br>Obxectivos e contidos da educación intercultural.<br>Programas de acollida e experiencias educativas interculturais.<br>O potencial das artes para educar no interculturalismo. |
| 2. Plurilingüismo e interculturalidade. | O perfil competencial das persoas plurilingües.<br>Principios e teorías que sustentan o plurilingüismo e o interculturalismo.<br>Políticas de inclusión social e interculturalismo: programas de inmersión lingüística.<br>Análise de experiencias en inmersión lingüística.<br>A aula plurilingüe como peza chave para a inclusión pluricultural.<br>A dimensión intercultural da competencia plurilingüe: o papel da música. |
| 3. Internet como vehículo e fonte de recursos interculturais. | As tecnoloxías dixitais como vehículo de comunicación intercultural.<br>As tecnoloxías dixitais como fonte de recursos didácticos para a abordaxe do interculturalismo dende a escola.<br>Ferramentas, metodoloxías e prácticas educativas innovadoras no interculturalismo.<br>Dinámicas e recursos dixitais para o traballo do interculturalismo dende a educación artística. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Seminario | 4 | 0 | 4 |
| Traballo tutelado | 14 | 49.5 | 63.5 |
| Estudo de casos | 6 | 20 | 26 |
| Lección maxistral | 6 | 9 | 15 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 3 | 1 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Seminario | Seguimento do traballo do alumnado. |
| Traballo tutelado | Realización de actividades de aula individuais e/ou en equipo (visionado de recursos audiovisuais, comentarios de texto, debates, estudo de casos etc.). |
| Estudo de casos | Análise de situacións en base a casos reais. |
| Lección maxistral | Exposición da folla de ruta da materia e presentación dos temas. |

## Atención personalizada

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|

| | |
|---|---|
| Seminario | Atención grupal ou individual nas clases ou nas titorías, previo acordo entre o alumnado e o profesorado. O alumnado Asistente solicitará as titorías ao profesorado preferentemente en clase (nas sesións presenciais, evitando o uso do e- mail) para establecer, de ser necesaria, unha titoría individual ou grupal fóra das aulas regulares da materia. O alumnado que precise unha titoría coa coordinadora da materia usará o horario de titorías para expor as súas dúbidas, que se pode consultar actualizado nesta ligazón: https://universidadevigo-my.sharepoint.com/:w:/g/personal/lucia_casal_uvigo_gal/ET5T1fTDgVhFi5CrGJ9VRbYBv_zUx_85nHqK5aOJQkQlJw?e=Jeppi8 . De non poder asistir fisicamente ás titorías, deberá chamar por teléfono á coordinadora no horario de titorías, evitando o contacto por e-mail. Unha vez establecido o contacto coa coordinadora ben fisicamente ben telefonicamente, existe tamén a opción de fixar titoría en liña a través do Campus Remoto da UVIGO, para o que a docente facilitará ligazón e clave para a conexión no despacho virtual. Estableceranse as medidas necesarias para dar resposta á atención á diversidade. |
| Traballo tutelado | Orientación preferente na aula. De ser necesario, solicitarase titoría en liña ou presencial segundo as pautas de comunicación que estableza cada docente. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Seminario | Tarefas e actividades de aula individuais e/ou en equipo. | 30 | B5 | C1<br>C8 | D3 |
| Traballo tutelado | Traballos e/ou tarefas en equipo. | 30 | B5 | C1<br>C8 | D3 |
| Estudo de casos | Actividade de módulo: asistencia e realización de tarefa asociada, de ser o caso. | 10 | B5 | C1<br>C8 | D3 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Probas e/ou tarefas individuais. | 30 | B5 | C1<br>C8 | D3 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado pode optar por ser avaliado como Asistente (avaliación continua) ou como Non Asistente (avaliación global).

O alumnado Asistente fará avaliación continua, o que require asistir polo menos ao 80% das horas da materia.

AVALIACIÓN CONTINUA PARA ASISTENTES:

(1) Tarefas e actividades de aula: 30%
(2) Traballo tutelado en equipo: 30%
(3) Probas e/ou tarefas individuais: 30%
(4) Asistencia e participación na actividade de módulo e realización de tarefa asociada, de ser o caso: 10%

Para o alumnado que opte por ser Non Asistente (avaliación global), as porcentaxes para o cálculo da cualificación final da materia serán as seguintes:

AVALIACIÓN GLOBAL PARA NON ASISTENTES:

(1) Tarefas sobre os contidos das sesións: 30%
(2) Traballo tutelado en equipo e/ou individual: 40%
(3) Probas e/ou tarefas e/ou presentación/s en equipo e/ou individuais: 30%

Estes apartados de avaliación realizaranse en equipo ou de modo individual segundo as directrices que publique o profesorado na aula virtual da materia (Moovi).

É necesario aprobar os apartados 2 e 3 da avaliación para superar a materia (isto é, acadar un 5 sobre 10), tanto para Asistentes (avaliación continua) como para Non Asistentes (avaliación global). Se algún destes dous apartados non se aproban nunha oportunidade dada, a cualificación desta será o sumatorio das diferentes partes da avaliación dividido entre dous.

O alumnado que prefira optar por ser Non Asistente (avaliación global) debe cubrir o formulario habilitado na aula virtual da

materia dentro do prazo que se estableza nesta, e deberá consultar na aula virtual da materia as instrucións das tarefas a realizar dentro da sección denominada “Avaliación global: Alumnado Non Asistente”. Coa lista de alumnado Non Asistente, e a partir dos 20 días unha vez comezaran as aulas da materia, o profesorado conformará equipos de traballo e publicaraos na aula virtual da materia xunto coas instrucións para a elaboración de tarefas, co fin de que cada equipo se poida organizar para realizalas. Publicada a conformación dos equipos, o alumnado implicado debe establecer o primeiro contacto entre si a través de Moovi. Unha vez se entra na aula virtual da materia, pícase arriba á dereita, na icona do globo, e ponse o nome e apelidos da persoa á que se quere escribir encima de “Buscar”. A continuación pícase no nome e abaixo escríbese a mensaxe. Finalmente dáselle a “Enviar”, e a partir de aí cada equipo pode establecer as canles de comunicación que desexe. Para que isto funcione é necesario que todo o alumnado estea activo en Moovi.

O alumnado que ao longo do semestre perda o dereito de avaliación continua por superar o máximo de ausencias (20% das horas da materia) debe pórse en contacto coa coordinadora tan pronto como se vexa nesta circunstancia. Neste caso, o profesorado determinará a procedencia de seren avaliado de acordo á avaliación establecida para Non Asistentes (avaliación global). De ser o caso, este alumnado será integrado nun equipo de traballo de Non Asistentes (avaliación global), sempre que sexa posible. De non ser posible, e dado que a maioría das tarefas de avaliación para Non Asistentes (avaliación global) deben realizarse en equipo e deben ser entregadas nunhas datas concretas, as tarefas grupais de avaliación obrigatoria que non se poidan entregar en equipo en primeira oportunidade, faranse en segunda oportunidade.

OBSERVACIÓNS:

a. As partes da materia superadas na 1ª oportunidade non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico. O traballo en equipo ou individual é obrigatorio cando así se requira.
b. As datas oficiais dos exames poden consultarse na páxina web da Facultade, na ruta Docencia --> Exames. A convocatoria e as instrucións para as probas da materia anunciaranse na aula virtual da materia na sección “Avaliación e cualificacións”.
c. En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender as necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).
d. O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios - Facultade de Educación e Traballo Social: https://fcce.uvigo.es/gl/o-centro/normativa-e-formularios/) e á Normativa que estableza a UVigo.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

AAVV, **La contribución de la inmigración a la economía española**, https://www.defensordelpueblo.es/informe-anual/informe-anual-2019/, Defensor del Pueblo, 2020

Antón, Concha, Aparicio, Rosa, García, Raúl, & Migallón, Jesús, **Manual de apoyo para la prevención y detección del racismo, la xenofobia y otras formas de intolerancia en las aulas (Proyecto FRIDA)**, Ministerio de Empleo y Seguridad Social, 2015

Garrote Rojas, Daniel., Arenas Catillejo, Juan. Ángel, & Jiménez-Fernández, Sara, **Las TIC como herramientas para el desarrollo de la competencia intercultural**, https://doi.org/10.21071/edmetic.v7i2.10533, 7(2), 166–183, EDMETIC, 2018

Olveira Olveira, María Esther, & Santos Rego, Miguel Anxo, **Interculturalismo en Europa: el referente de las segundas generaciones españolas en Francia**, https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=23669, 58(216), 341-358, Revista española de pedagogía, 2025

Orcasitas Vicandi, María, Román Etxebarrieta, Gorka, & Antzaka, Alexia (Eds.), **Educación para la inclusión: reflexiones desde el multilingüismo, la interculturalidad y la tecnología**, 9788411836821, Tirant Lo Blanch, 2025

Persánch, José María & Aixelà-Cabré, Yolanda, **Introducción al dosier sobre multiculturalismo y gestión de la diversidad cultural. Multiculturalismo y gestión de la diversidad en el mundo del siglo XXI**, http://erevistas.saber.ula.ve/index.php/procesoshistoricos/article/view/17606, 41, 26-43, Procesos Históricos. Revista de Historia, 2022

### Bibliografía Complementaria

Diamond, Piki, Sithole, Tawona, & Phipps, Alison M. (Eds.), **Exploring restorative intercultural practices: fire stories**, 9781836680789, Multilingual matters, 2026

Girón M., & Rubio A., **Con los brazos abiertos**, Kalandraka, 2022

Mendieta, Herberth A., Rodríguez, Alexandra Y., Díaz, Martha I., Rodríguez, Katherin J., **Implementación de círculos narrativos para el desarrollo de competencias ciudadanas e interculturales**, https://doi.org/10.14483/22486798.23507, 30(2), 322-339, Enunciación, 2025

Miller Dyce, Cherrel, Wire, Jamie, Jean, Tyrone, & Hawthorne, Katrice A., **I didn’t know what I didn’t know: assessing an innovative teacher education certification program centering interculturalism, diversity, equity and inclusion**, https://doi.org/10.1108/JME-12-2024-0168, 19(2-3), 241-254, Journal for multicultural education, 2025

Rodríguez Salgado, L., & Vázquez Silva, I., **Muller Inmigrante, Lingua e Sociedade**, Galaxia, 2017

AAVV (Shonfeld, Miri et al.), **Virtual bridges: Enhancing intercultural competence among pre-service teachers through 3D and video-conferencing platforms**, https://doi.org/10.3390/educsci15101296, 15(10), 1296, Education Sciences, 2025

Xiao, Shijun, Chen, Hong, & Hu, Bo, **Technology-supported cross-cultural learning effectiveness: A multilevel meta-analysis**, https://doi.org/10.1057/s41599-026-07214-y, Advance online publication, Humanities and Social Sciences Communications, 2026

## Recomendacións

### Outros comentarios

a. É altamente recomendable a asistencia regular ás sesións presenciais. Debido a como está organizada a materia é favorable para o alumnado optar por ser Asistente.
b. Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
c. É necesario consultar a aula virtual da materia ao menos unha vez por semana, así como ter activo o correo electrónico institucional da UVigo e usalo para as comunicacións co profesorado. Co fin de asegurar a privacidade e garantir a identidade, non se atenderán mensaxes electrónicas enviadas dende contas alleas ás da UVigo. En todo caso, as consultas faranse ao profesorado de modo presencial, ben en clase, ben presencial ou telefonicamente nas titorías, evitando abusar do e-mail.
d. Os traballos deberán ser entregados en tempo e forma, e polos medios que se expliciten nas as orientacións proporcionadas, así como orixinais. A detección de plaxio ou copia de traballos suporá o suspenso na convocatoria correspondente. Agás na realización de traballos coordinados entre materias, un mesmo traballo non poderá ser utilizado para varias materias a efectos de avaliación.
e. Dentro da lóxica do camiño cara a sociedades máis inclusivas e igualitarias, e seguindo os principios de igualdade cos que está comprometida esta universidade, recoméndase facer uso da linguaxe inclusiva (especialmente no referido á diversidade) e imparcial en canto ao xénero tanto nos traballos escritos como nas producións orais.

## DATOS IDENTIFICATIVOS

**Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acollida**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acollida | | | |
| Código | O05M138V01103 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 4.5 | OP | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Didáctica, organización escolar e métodos de investigación<br>Didácticas especiais | | | |
| Coordinador/a | Mociño González, María Isabel | | | |
| Profesorado | Agrelo Costas, María Eulalia<br>Mociño González, María Isabel<br>Pato Rodríguez, Santiago Eduardo | | | |
| Correo-e | imocino@uvigo.gal | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| C1 | Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de decribir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar |
| C2 | Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras |
| C5 | Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica |
| C6 | Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional |
| C7 | Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade |
| C8 | Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe relacionado con algún dos módulos do mestrado |
| C10 | Relacionar os contidos do mestrado coa experiencia persoal e con situacións educativas reais, mediante a utilización de narracións autobiográficas |
| C12 | Ser capaz de emitir unha valoración crítica sobre programas, materiais e prácticas educativas e socio-educativas relacionadas coa diversidade |
| D2 | Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios |
| D3 | Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade |
| D4 | Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|
| Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma, creativa e cooperativa, e promovelos nos estudantes dende a participación e o esforzo individual | | D2<br>D4 |
| Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional. | C6<br>C7 | |
| Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación | C1 | |
| Analizar e saber aplicar recursos educativos para o ensino e aprendizaxe das linguas para inmigrantes. | C2 | |
| Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica | C5<br>C12 | |

| | | |
|---|---|---|
| Coñecer, respectar e promover a diversidade lingüística e cultural de España e de Europa | C10 | D3 |
| Adquirir as habilidades básicas da metodoloxía do ensino e aprendizaxe das linguas da sociedade de acollida. | C2<br>C8 | |
| Adquirir as diversas competencias comunicativas (orais e escritas) das linguas da sociedade de acollida. | C2 | |
| Saber expresarse en español e galego con fluidez e precisión e poder facer un uso flexible do devandito idioma para fins sociais, académicos e profesionais | C8 | |

**Contidos**

| Tema | |
|---|---|
| 1. Competencias comunicativas do colectivo de inmigrantes, nomeadamente do alumnado escolarizado. | 1.1. Introdución á materia.<br>1.2. Avaliación do repertorio lingüístico do alumnado inmigrante. |
| 2. O ensino e a aprendizaxe do galego e español para inmigrantes: consideracións sobre a adquisición da lingua galega e española por parte do alumnado inmigrante | 2.1. Panorama xeral da inmigración en Galicia e España.<br>2.2. O alumnado inmigrante no sistema educativo. Medidas e liñas de actuación.<br>2.3. Factores que interveñen na aprendizaxe dunha lingua estranxeira.<br>2.4. Principios básicos na aprendizaxe da lingua galega e española para inmigrantes |
| 3. O ensino e a aprendizaxe do galego e o español para inmigrantes: materiais e recursos didácticos en distintos soportes para a aprendizaxe da lingua galega e da lingua española. | 3.1. Soporte dixital (páxinas web, blogs, multimedia...)<br>3.2. Soporte papel (manuais, dicionarios, cadernos...) |
| 4. O compoñente socio-cultural. | 7.1. Compoñente sociolingüístico<br>7.2. Cultura e civilización<br>7.3. Pragmática e linguas estranxeiras |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | 9 | 30.5 | 39.5 |
| Seminario | 8 | 24 | 32 |
| Cartafol/dossier | 6 | 12 | 18 |
| Lección maxistral | 7 | 14 | 21 |
| Eventos científicos | 0 | 2 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | Realización de actividades prácticas sobre as condicións e dificultades na adquisición das linguas |
| Seminario | Deseño e proposta de intervención enfocada á aplicación de diferentes metodoloxías acaídas aos contextos multiculturais, afondando nos contidos teóricos da materia. |
| Cartafol/dossier | Elaboración dun dossier no que recollan recursos para o ensino aprendizaxe das linguas da sociedade de acollida e se reflexione, de forma individual, sobre a adecuación dos recursos ás necesidades dos diferentes contextos. |
| Lección maxistral | Presentación teórica da materia, seguida de debate. |
| Eventos científicos | Asistencia e participación na actividade de módulo |

**Atención personalizada**

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Traballo tutelado | O estudantado recibirá as orientacións pertinentes, así como as explicacións, materiais, recursos... que precise para afrontar as tarefas que se lle encomenden para esta metodoloxía. |
| Seminario | O estudantado recibirá as orientacións pertinentes, así como as explicacións, materiais, recursos... que precise para afrontar as tarefas que se lle encomenden para esta metodoloxía. |
| Cartafol/dossier | O estudantado recibirá as orientacións pertinentes, así como as explicacións, materiais, recursos... que precise para afrontar as tarefas que se lle encomenden para esta metodoloxía. |
| Eventos científicos | O estudantado recibirá as orientacións pertinentes, así como as explicacións, materiais, recursos... que precise para afrontar as tarefas que se lle encomenden para esta metodoloxía. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | Preparación de actividades, presentacións e posta en común na aula | 30 | C1<br>C2<br>C5<br>C6 | D2<br>D3 |
| Seminario | Deseño e proposta dunha intervención-acción para a aplicación de diferentes metodoloxías (gamificación, dramatización...) acaídas ás necesidades de contextos multiculturais nos que se promova o ensino-aprendizaxe das linguas da sociedade de acollida | 30 | C1<br>C2<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8<br>C10<br>C12 | D2<br>D3<br>D4 |
| Cartafol/dossier | Selección e análise crítica de recursos para o ensino-aprendizaxe de linguas, con adecuación ao contexto e ás necesidades do alumnado ao que se dirixen | 30 | C1<br>C2<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8<br>C10<br>C12 | D2<br>D3<br>D4 |
| Eventos científicos | Asistencia e participación na actividade de módulo | 10 | C1<br>C2<br>C6<br>C7<br>C10<br>C12 | D3<br>D4 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

As actividades non superadas na 1ª convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións previamente conseguidas.

O estudantado que por motivo xustificado non poida asistir a todas as sesións presenciais contará con actividades alternativas para recuperar cada unha delas. A avaliación continua require asistir polo menos ao 75% das clases.

O estudantado que non supere a materia por avaliación continua terá unha/s proba/s de avaliación, ao redor dos contidos nucleares da materia, coa data tope que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais. Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente.

Así mesmo o tipo de proba/s figurará/n en Moovi, nas respectivas materias, nunha carpeta baixo a denominación Alumnado non asistente, na que se presentarán os detalles da/s mesma/s, concretando tamén onde terá que realizar a entrega o alumnado.

As datas dos exames oficiais poden consultarse na web do mestrado.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios  Facultade de Educación e Traballo Social) e á Normativa que estableza a UVigo

**Bibliografía. Fontes de información**

**Bibliografía Básica**

Guadamillas-Gómez, M. V., **Interculturalidad en el aula AICLE a través de los álbumes ilustrados sobre migrantes. Ocnos. Revista de Estudios sobre lectura, 19 (2), 29-41. DOI:10.18239/ocnos_2020.19.2.2255**, 2020

Mantovani, A; Morales, R., **Juegos para un taller de teatro. Más de 200 propuestas para expresar y comunicar**, Octaedro, 2021

Rodrigues Magalhães, M.H., **A Literatura para a Infância, a formação do Leitor Crítico e a Educação Intercultural. Álabe. Revista de Investigación sobre Lectura y Escritura, 23. https://doi.org/10.15645/Alabe2021.23.3**, 2021

**Bibliografía Complementaria**

Alonso-Belmonte, M.I., Fernández-Agüero, M., **Enseñar competencia intercultural. en Leyre Ruiz de Zarobe y Yolanda Ruiz de Zarobre (eds.), Enseñar hoy una lengua extranjera**, Octaedro, 2019

Cernadas Ríos, F. X., M. Lorenzo Moledo e M. Santos Rego, **"O profesorado de educación infantil e primaria diante da inmigración e da educación intercultural", en Revista Galega do Ensino, nº 71, en http://www.edu.xunta.gal/eduga/131/investigacion/o-profesora**, Xunta de Galicia, 2016

Consello de Europa, **Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación**, Xunta de Galicia, 2001

Montón Sales, M. J., **La integración del alumnado inmigrante en el centro escolar: orientaciones, propuestas y experiencias**, Graó, 2003

Melero Abadía, P., **Métodos y enfoques en la enseñanza/aprendizaje del español como lengua extranjera**, Edalsa, 2000

Gómez del Estal Villarino, M., **"La enseñanza de la gramática en el aula de español como L2 para el alumnado inmigrante", en I. Ballano (coord.). I Jornada sobre Lenguas, Currículum y Alumnado Inmigrante, pp. 83-94**, Deusto, 2008

Martínez-León P., Ballester-Roca J. e Ibarra-Rius N., **Identidades fronterizas y pertenencias plurales: diversidad e interculturalidad a través de la educación literaria. Didáctica. Lengua y Literatura, 29, 155-172. https://doi.org/10.5209/DIDA.57135**, 2017

Nogués Bruno, M.; Calvo Valios, V., **El libro de no ficción como vehículo intercultural y educativo: análisis de El libro de los saludos, Didáctica. Lengua y Literatura, 35, 43-54**, 2023

Santos Rego, M. A. e Lorenzo Moledo, M., **La pedagogía intercultural o la gestión educativa de la diversidad cultural**, Octaedro, 2026

## Recomendacións

### Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

## DATOS IDENTIFICATIVOS

**Desenvolvemento Comunitario**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Desenvolvemento Comunitario | | | |
| Código | O05M138V01104 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 4.5 | OP | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa<br>Didáctica, organización escolar e métodos de investigación | | | |
| Coordinador/a | Aguiar Fernández, Francisco Javier | | | |
| Profesorado | Aguiar Fernández, Francisco Javier<br>Gutierrez Manjón, Teresa de Jesús<br>Vázquez Pérez, Raquel | | | |
| Correo-e | francisco.aguiar@uvigo.gal | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Unha das estratexias ou formas de intervención social para facer fronte á exclusión social é o desenvolvemento comunitario que leva implicito un proceso educativo tendente á xerar cambios de actitude e comportamento na poboación e mellorar as condicións existentes. Con tal obxeto se configurará como un sistema integral no que interveñan e se coordinen diversos ámbitos (social, educativo, sanitario, vivenda,), diferentes actores (profesionais diversos, persoas afectadas, poboación en xeral, axentes sociais, Administración) e diversas dimensións (social, educativa, laboral, política, cultural...). | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| C1 | Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de decribir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar |
| C2 | Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras |
| C3 | Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador |
| C4 | Realizar estudos sistemáticos, sobre todo os que impliquen avances de prácticas educativas, sendo capaz de difundilos con claridade a diverso tipos de audiencias. |
| C5 | Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica |
| C6 | Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional |
| C7 | Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade |
| C9 | Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade |
| D1 | Utilizar as novas tecnoloxías en diferentes contextos: formativos, de investigación, de aplicación profesional, para difundir e compartir ideas, etc. |
| D3 | Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade |
| D5 | Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de opinións |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|
| Adquirir formación teórico-práctica de caracter multidisciplinar no ámbito da diversidade colectiva. | C1 | |
| Establecer contacto directo con experiencias innovadoras relacionadas coa intervención en ámbitos colectivos. | C3 | |
| Adquirir coñecementos e destrezas axeitadas para o deseño, implementación e avaliación de experiencias de intervención sobre os grupos ea comunidade. | C2 | |
| Coñecer e adquirir compromiso profesional cós colectivos sociais en desventaxa social. | | D3 |
| Coñecer e analizar a realidade social Galega e mais as Políticas Sociais dirixidas a correción das desigualdades | C6<br>C7 | |

| | | |
|---|---|---|
| Adquirir compromiso ético no desenvolvemento da profesión, especialmente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos | C9 | |
| Familiarizarse con publicacións orientadas a diversidade, avalianado criticamente os seus contidos | C9 | |
| Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten o análise ea intervención sobre a diversidade do ámbito colectivo. | C2 | |
| Adquirir habilidades básicas no deseño, implementación e avaliación de programas dirixidos a diversidade. | C2 | |
| Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten a anélise e mais a reflexión sobre as prácticas profesionais | C3 | |
| Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica | C5 | |
| Adquirir conductas de reespecto e axuda. ser sensibles a toso tipo de diversidade. | C9 | D3<br>D5 |
| Empregar novas tecnoloxías nos diferentes contextos comunitarios | C2 | D1 |
| Adquirir un repertorio de coñecementos e destrezas que posibiliten realizar investigacións sinxelas en campos ou áreas sociais | C4 | |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| SESIÓN 1:<br>- A INTERVENCIÓN COLECTIVA: DO INDIVIDUAL O GRUPAL | - Concepto de intervención colectiva: Do individual ó grupal<br>- A creación dun grupo socioterapeutico/socioeducativo/ou de acción. |
| SESIÓN 2:<br>-INTRODUCCIÓN Á INTERVENCIÓN COMUNITARIA | - Elementos, actores e grupos promotores<br>- O diagnóstico da comunidade |
| SESIÓN 3:<br>UNHA EXPERIENCIA DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO | Saída de estudos: Experiencia práctica do noso entorno social |
| SESIÓN 4:<br>METODOLOXIA DA INTERVENCIÓN COMUNITARIA | - Deseño, proceso e avaliación da intervención comunitaria |
| SESIÓN 5:<br>-INFANCIA EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN SOCIAL | - O proceso de valoración e intervención en desprotección infantíl<br>- Do maltrato ó bó trato ós nenos, nenas e ós adolescentes.<br>- Manual de boas prácticas en protección infantíl.<br>- Recursos de protección ó menor. Campaña un de cada cinco de prevención da violencia sexual contra a infancia |
| SESION 6: INTERVIR COA COMUNIDADE DENDE A ESCOLA | Comunidades de aprendizaxe. Comunidades sostibles. Aprendizaxe-servizo. Boas prácticas |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 2 | 0 | 2 |
| Lección maxistral | 5 | 10 | 15 |
| Traballo tutelado | 13 | 24.5 | 37.5 |
| Seminario | 5 | 5 | 10 |
| Saídas de estudo | 4 | 4 | 8 |
| Traballo tutelado | 0 | 30 | 30 |
| Estudo de casos | 0 | 5 | 5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxeto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |
| Traballo tutelado | O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante. |
| Seminario | Participación de profesionais extpertos, alleos ao mestrado, en formato de mesa redonda, con posterior análise da temática específica obxecto do seminario |
| Saídas de estudo | Saída para coñecer directamente experiencias innovadores de carácter socio-comunitario |
| Traballo tutelado | O estudante, de xeito individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensalos, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma de/dos estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción etc. |
| Estudo de casos | |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | As alumnas e alumnos serán titorizados individual e grupalmente en aula e despacho das profesoras en tódolas traballos que se propoñan |
| Seminario | Os seminarios da materia serán programados e titorizados polas docentes |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | Asistencia e participación nas actividades de aula | 40 | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C9 | D1 D3 D5 |
| Seminario | Participación activa, autónoma e recíproca na profundización dos temas propostos | 10 | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C9 | D1 D3 D5 |
| Saídas de estudo | Realización da saída ou mesa de experiencias ccomunitarias e posterior reflexión sobre a mesma. | 10 | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C9 | D1 D3 D5 |
| Traballo tutelado | Traballo realizado en grupos (3 ou 4 persoas). Realización de análise dunha comunidade, detección e priorización de problemáticas e proposta de proxecto comunitario de carácter socio-educativo, baixo a orientación das/os docentes.<br>Requirirase un uso responsable e xustificado da IA, así como unha autoavaliación tendente a comprobar a participación dos distintos membros neste traballo. O traballo dará orixe a un podcast ou presentación en video (aproximadamente 10-15 minutos) sobre a súa aplicabilidade e posible impacto na institución ou territorio escollido). | 30 | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C9 | D1 D3 D5 |
| Estudo de casos | Resolución suposto practico sobre detección situación de risco/desprotección. | 10 | C1 C3 C4 C5 | D1 D3 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

- As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

- As actividades non superadas na 1ª convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións nas probas/actividades superadas.O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha/s proba/s de avaliación, ao redor dos contidos nucleares da materia, coa data tope que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais. Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente. Asimesmo o tipo de proba/s figurará/n en Moovi, nas respectivas materias, nunha carpeta baixo a denominación Alumnado non asistente, na que se presentarán os detalles da/s mesma/s, concretando tamén onde terá que realizar a entrega o estudantado. As datas dos exames oficial poden consultarse na web do mestrado: http://www.masterdiversidade.com/index.php.También podéis consultar no seguinte enlace a Memoria Verfica desde título na que atoparedes a ficha da vosa materia.http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/mdiversidade/

- En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser

adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

- Para as materias que forman parte do curso ponte, debería incluirse unha referencia específica para ter en consideración a especificidade e experiencia profesional deste colectivo: Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Recomendacións:

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios  Facultade de Educación e Traballo Social) e á Normativa que estableza a UVigo".

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Ballenato, G. (2005), **Trabajo en equipo: Dinámica y participación en los grupos**, Madrid: Pirámide,

Fuentes, P. (2000), **Técnicas de trabajo individual y de grupo**, Madrid: Pirámide,

Gil, F. (2007), **Prácticas de la psicologia de los grupos**, Madrid:Pirámide,

Sánchez, A.(1991), **Psicología comunitaria. Bases conceptuales y operativas**, Barcelona:PPU,

Sánchez, A. (1993), **Programas de prevención e Intervención Comunitaria**, Barcelona:PPU,

### Bibliografía Complementaria

Elkain, M. (1995), **Las prácticas de la terapia de red**, Barcelona: Gedisa,

Nogueiras, L.M.(1996), **La práctica y teoría del desarrollo Comunitario**, Madrid:Narcea,

## Recomendacións

## DATOS IDENTIFICATIVOS

**Compensación das Desigualdades na Educación**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Compensación das Desigualdades na Educación | | | |
| Código | O05M138V01105 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 4.5 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa | | | |
| Coordinador/a | González Rodríguez, Rubén | | | |
| Profesorado | García Vázquez, María Yolanda<br>González Rodríguez, Rubén<br>Pérez Martín, Sabela | | | |
| Correo-e | rubgonzalez@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/ | | | |
| Descrición xeral | A presente materia vaise a centrar nas compensacións das desigualdades na educación dende unha perspectiva multidisciplinar e dende diferentes vertentes (marco legal, exemplos de proxectos, interculturalidade, reducción de estereotipos e prexuixos e aprendizaxe cooperativa).<br>No mantemento e reproducción das desigualdades sociais inflúen, entre outros aspectos, as creenzas estereotipadas, actitudes, prexuizos e representacións sociais respecto a distintos grupos (e por engadido, ás persoas que os integran), froito dun proceso de categorización social. Neste senso, a educación pode e debe funcionar como un instrumento de redución de estereotipos e prexuizos fronte a desigualdades sociais ou económicas. Propóñense distintas estratexias para conseguir ese obxectivo, facendo especial fincapé na aprendizaxe colaborativa-cooperativa en grupo, a través de diversas modalidades, como unha ferramenta eficaz neste campo. | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| A2 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos relacionados coa diversidade e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B1 | Adquirir unha formación teórica de carácter multidisciplinar e comprender os fundamentos teóricos-prácticos relacionados cos ámbitos de diversidade, con énfase nas necesidades educativas especiais, interculturalismo, compensación de desigualdades, sexo/xénero e educación de persoas adultas. |
| B4 | Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas. |
| B5 | Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, nomeadamente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos. |
| C3 | Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador |
| C5 | Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica |
| C6 | Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional |
| C7 | Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade |
| C10 | Relacionar os contidos do mestrado coa experiencia persoal e con situacións educativas reais, mediante a utilización de narracións autobiográficas |
| C13 | Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade |
| D3 | Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade |
| D5 | Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de opinións |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| -Delimita o ámbito de actuación da educación compensatoria e os recursos comunitarios dispoñibles para ese efecto.<br>-Sabe analizar situacións de desvantaxe sociocultural de determinadas minorías.<br>-Sabe planificar condicións de educación compensatoria e educación preventiva a partir de plans, programas, proxectos e casos expostos.<br>-É capaz de relacionar os contidos do máster asimilados na materia coa experiencia persoal e con situacións educativas reais.<br>-Sabe deseñar estratexias de aprendizaxe cooperativa en grupo como instrumento para reducir estereotipos, prexuízos e como medio para compensar desigualdades sociais que existan no ámbito educativo. | A2 | B1<br>B4<br>B5 | C3<br>C5<br>C6<br>C7<br>C10<br>C13 | D3<br>D5 |

**Contidos**

| Tema | |
|---|---|
| -A educación compensatoria | -A educación compensatoria: marco legal e contextualización e experiencias. |
| -Educación compensatoria e minoría xitana | -Condicións da educación compensatoria na minoría xitana. Educación preventiva. |
| -Redución de estereotipos e prexuizos na educación compensatoria a través da aprendizaje cooperativa | -A categorización social e reducción de estereotipos e prejuicios no ámbito da educación compensatoria. Técnicas.<br>-A aprendizaxe cooperativa en grupo como ferramenta de intervención na compensación de desigualdades en educación. Métodos de intervención. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 1 | 0 | 1 |
| Lección maxistral | 10 | 0 | 10 |
| Estudo de casos | 8 | 24 | 32 |
| Traballo tutelado | 1 | 64.5 | 65.5 |
| Eventos científicos | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado da materia, a presentarlla coas finalidades seguintes: transmitir os obxectivos que se perseguen; detallar os contidos que se traballarán; explicar a metodoloxía que se utilizará; finalmente, enumerar e aclarar os criterios de avaliación. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do/ profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo/a estudante. Asistencia e participación do/a estudante. |
| Estudo de casos | Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. |
| Traballo tutelado | O/a estudante desenvolve exercicios na aula baixo as directrices e supervisión do/a profesor/a. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do/a estudante. |
| Eventos científicos | Participación en actividades (de módulo) relacionadas con algún tema tratado na materia. |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Lección maxistral | Asistencia ás exposicións dos docentes e participación nos debates de aula. | 25 | A2 | B1<br>B4<br>B5 | C3<br>C5<br>C6<br>C7<br>C10<br>C13 | D3<br>D5 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Estudo de casos | Resolución de casos e supostos prácticos, realizados en grupo dentro da aula. | 30 | A2 | B1<br>B4<br>B5 | C3<br>C5<br>C6<br>C7<br>C10<br>C13 | D3<br>D5 |
| Traballo tutelado | Realización dun traballo, individual, tutelado por un/unha docente. | 35 | A2 | B1<br>B4<br>B5 | C3<br>C5<br>C6<br>C7<br>C10<br>C13 | D3<br>D5 |
| Eventos científicos | Participación nunha actividade (de módulo) relacionada coa materia. | 10 | | | C3<br>C7<br>C13 | |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia cómpre alcanzar o 50% da puntuación nas seguintes metodoloxías de avaliación docente (lección maxistral; estudo de casos; e traballo tutelado).

Para optar ao sistema de avaliación continua o alumnado deberá asistir, polo menos, a 4 das 6 sesións previstas para esta materia.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non será obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá que realizar unha avaliación global mediante unha/s proba/s, ao redor dos contidos nucleares da materia, coa data tope que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais.

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para educadores/traballadores en exercicio que acrediten un horario incompatible coas clases presenciais; en todo caso, garantindo a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Para estes casos, abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi no cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para este alumnado.

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios  Facultade de Educación e Traballo Social) e á Normativa que estableza a UVigo.

**Alumnado con necesidades específicas:**

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender as necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

**Datas oficiais dos exames:**

As datas oficiais de exames poden consultarse na web do máster no espazo "exames".

http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/docencia/exames/

## Bibliografía. Fontes de información

**Bibliografía Básica**


Rubio, M. J., Martín, A. M., y Cabrerizo, J., **Recursos para atender la diversidad en contextos educativos**, UNED, 2020

Aguiar, N., y Breto, C., **La escuela: un lugar para aprender a vivir. Experiencias de trabajo cooperativo en el aula.**, Editorial, 2007

Centro de investigación y documentación educativa, **Sociedade desigual, ¿educación desigual?: sobre las desigualdades en el sistema educativo español.**, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Subdi, 2008

Blázquez, M., **El aprendizaje cooperativo: juntos aprendemos mejor.**, Vivelibro, 2014

Garrido, J., **Programación de actividades para Educación especial**, 14th ed., CEPE, 2017

Furrer, S., **Comprendiendo la amenaza del estereotipo: definición, variables mediadoras y moderadoras, consecuencias y propuestas de intervención**, 2, Reidocrea, 2013


**Bibliografía Complementaria**


Woolfolk, A., **Psicología educativa**, 12th ed., Pearson, 2014

Kowalski, R. M., Giumetti, G., Schroeder, A. N., y Lattanner, M. R., **Bullying in the Digital Age: A Critical Review and Meta-Analysis of Cyberbullying Research Among Youth**, 140(4), Psychological bulletin, 2014

Carrasco, S., Villà, R., y Ponferrada, M., **Resistencias institucionales ante la mediación escolar. Una exploración en los escenarios en conflicto**, 25(1), Revista de antropología social, 2016

Galindo, E. I., y Sanahuja, A., **Mediación escolar en educación secundaria: coordinación desde el departamento de orientación**, 87, Quaderns Digitals, 2018

Munné, M., y Mac-Cragh, P., **Los 10 principios de la cultura de la mediación**, Grao, 2006

Moral, M.V., y Ovejero, A., **Identidades y contradicciones de la escuela en las condiciones posmodernas de la sociedad global.**, Biblioteca Nueva, 2001

Papalia, D. E. y Martorell, G. A., **Desarrollo Humano**, McGrawHill, 2017

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Interculturalismo en Entornos Socio-educativos/O05M138V01101

Interculturalismo en Contextos Escolares/O05M138V01102

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Desenvolvemento Comunitario/O05M138V01104

### Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas con base en materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

## DATOS IDENTIFICATIVOS

**Calidade de Vida para as Persoas Maiores**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Calidade de Vida para as Persoas Maiores | | | |
| Código | O05M138V01106 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 4.5 | OP | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa<br>Didácticas especiais | | | |
| Coordinador/a | Dapia Conde, María Dolores | | | |
| Profesorado | Dapia Conde, María Dolores<br>Failde Garrido, José María<br>Táboas Pais, María Inés | | | |
| Correo-e | ddapia@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Nesta materia, a través de tres percepcións diferentes, ocio, actividade física e realidade sociosanitaria perséguese dar unha formación xenérica, mellorar a acción profesional con este sector, así como abrir novos horizontes de intervención. | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| A1 | Posuír e comprender coñecementos relacionados co ámbito da diversidade que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| A3 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades. |
| A4 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe autodirixido ou autónomo que lles permitan continuar estudando ao longo da súa vida. |
| B2 | Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación. |
| B4 | Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas. |
| B5 | Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, nomeadamente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos. |
| C1 | Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de decribir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa<br>Didáctica, organización escolar e métodos de investigación<br>Didácticas especiais | | | |
| Coordinador/a | Díaz Pereira, María del Pino | | | |
| Profesorado | Delgado Parada, Joseba<br>Díaz Pereira, María del Pino<br>Vázquez Figueiredo, María José | | | |
| Correo-e | pinod@uvigo.gal | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | En liña coa atención ás diferentes características e circunstancias persoais que configuran a heteroxeneidade no ámbito educativo, e a cobertura das específicas necesidades que poidan presentar os alumnos/as, un dos aspectos que reclama atención diferenciada é o alumnado altamente capacitado.<br><br>Os alumnos/as que nalgún aspecto do seu desenrolo presentan elevadas capacidades cognitivas, un talento superior, maiores posibilidades de aprendizaxe que os seus compañeiros, □, non poden, desde o punto de vista educativo e social, ser ignorados a risco de non favorecer o pleno desenrolo de seu potencial e futuro desenrolo profesional.<br><br>É innegable, ademais, o dereito que lles asiste a recibir unha educación acorde as súas circunstancias e adaptada as súas necesidades no marco dunha escola comprensiva e inclusiva. No marco lexislativo regúlanse distintos aspectos relacionados co diagnóstico, atención e resposta ás necesidades específicas de apoio educativo que presentan os estudiantes altamente capacitados.<br><br>Neste sentido, é necesario prestar a máxima atención ao proceso de identificación e valoración das necesidades educativas dos alumnos máis capaces (sobre todo nun momento no que se detecta un crecente interese en distintos sectores da sociedade en que se recoñeza esta condición nun número cada vez maior de alumnos/as) e deseñar a resposta educativa máis axeitada en relación ós apoios e ós servicios que eventualmente poidan requirir ó longo do proceso de escolarización.<br><br>Outro ámbito específico a considerar en relación coas altas capacidades, ten que ver coa práctica deportiva de alto rendemento.<br><br>A maioría destes mozos/as deben compatibilizar as esixencias e obxectivos que esixe o entrenamento de alto nivel co seu desenrolo académico e profesional, requirindo dos profesionais educativos diferentes estratexias de apoio psicolóxico e educativo que serán revisadas nesta materia. | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| A1 | Posuír e comprender coñecementos relacionados co ámbito da diversidade que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B2 | Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación. |
| B4 | Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas. |
| B5 | Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, nomeadamente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos. |

| | |
|---|---|
| C1 | Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de decribir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar |
| C3 | Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador |
| C4 | Realizar estudos sistemáticos, sobre todo os que impliquen avances de prácticas educativas, sendo capaz de difundilos con claridade a diverso tipos de audiencias. |
| C5 | Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica |
| C6 | Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional |
| C7 | Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade |
| C9 | Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade |
| C13 | Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade |
| D2 | Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios |
| D3 | Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade |
| D4 | Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| Adquirir os conceptos fundamentais referidos á superdotación nos seus diferentes aspectos, que sirvan de base para reflexionar sobre o tema e para planificar liñas de intervención coherentes | A1 | B2<br>B4<br>B5 | C1<br>C3<br>C9 | D2<br>D3 |
| Coñecer a lexislación básica relativa aos estudiantes con altas capacidades e aos deportistas de elite, especialmente no relativo ao sistema educativo. | | B4<br>B5 | C6 | |
| Analizar e valorar diferentes programas e modalidades de intervención en alumnos con elevadas capacidades, para mellorar o seu axuste escolar | A1 | B2<br>B4<br>B5 | C3<br>C4<br>C5<br>C9 | D2<br>D3<br>D4 |
| Favorecer actitudes positivas de cara aos estudiantes con altas capacidades e cara o seu adecuado axuste escolar | A1 | B2<br>B4<br>B5 | C5<br>C6<br>C7<br>C9<br>C13 | D2<br>D3<br>D4 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. O ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES | 1.1. Aproximación conceptual<br>1.2. Lexislación<br>1.3. Características<br>1.4. Necesidades educativas |
| 2. A IDENTIFICACIÓN DOS ESTUDIANTES ALTAMENTE CAPACITADOS | 2.1. Instrumentos de identificación de alumnos con altas capacidades: intelixencia e motivación.<br>2.2. Motivación en alumnos con altas capacidades: descripción e mellora.<br>2.3. Creatividade e altas capacidades: concepto, avaliación, entrenamento. |
| 3. A CREATIVIDADE COMO UN DOS PIARES DAS ALTAS CAPACIDADES | 4.1. Comprender a educación creativa como unha estratexia para valorar, intervir e fomentar a diversidade<br>4.2. Que entendemos por creatividade?<br>4.3. Diferentes aproximacións teóricas no estudo da creatividade<br>4.4. Avaliación  Identificación da creatividade.<br>4.5. Pautas para estimular-desenvolver as competencias creativas |
| 4. RESPOSTA EDUCATIVA AOS ALUMNOS CON ALTAS CAPACIDADES | 3.1. Orientacións organizativas da resposta educativa<br>3.2. Modalidades de intervención<br>3.3. Diseño dun programa de enriquecimiento |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 1 | 0 | 1 |
| Lección maxistral | 3 | 0 | 3 |
| Traballo tutelado | 3 | 15.5 | 18.5 |
| Eventos científicos | 4 | 0 | 4 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Aprendizaxe-servizo | 15 | 15 | 30 |
| Cartafol/dossier | 0 | 50 | 50 |
| Estudo de casos | 2 | 4 | 6 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado da materia, a presentárllela coas finalidades seguintes: transmitir os obxectivos que se perseguen; detallar os contidos que se traballarán; explicar a metodoloxía que se utilizará; finalmente, enumerar e aclarar os criterios de avaliación. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do/ profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo/a estudante. Asistencia e participación do/a estudante. |
| Traballo tutelado | O/a estudante desenvolve exercicios na aula baixo as directrices e supervisión do/a profesor/a. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do/a estudante. |
| Eventos científicos | Participación en actividades (de módulo) relacionadas con algún tema tratado na materia |
| Aprendizaxe-servizo | Metodoloxía activa que integra a aprendizaxe académica coa prestación dun servizo á comunidade. No marco desta materia, o alumnado colaborará con profesionais e centros educativos para identificar necesidades reais relacionadas coa atención ao alumnado con altas capacidades. A partir da análise destas necesidades, deseñará e avaliará recursos e propostas de intervención educativa, favorecendo a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos, a reflexión crítica e o compromiso coa mellora da inclusión e da calidade educativa. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | Titorización en grupo ou individual |
| **Probas** | **Descrición** |
| Cartafol/dossier | Titorización a través de Faitic e do correo electrónico. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | Deseño e avaliación dunha proposta de intervención educativa dirixida á atención do alumnado con altas capacidades, fundamentada na análise previa de necesidades e desenvolvida mediante a metodoloxía Design Thinking. A proposta incluirá a elaboración e avaliación de recursos ou actuacións educativas en colaboración cos axentes implicados. | 40 | A1 | B2 B4 | C1 C3 C13 | D4 |
| Eventos científicos | Participación nunha actividade (de módulo) relacionada coa materia | 10 | | | C1 C3 | |
| Cartafol/dossier | Documento elaborado polo estudiante que recopila información sobre as experiencias, proxectos, tareas e traballos realizados durante o proceso de formación. | 40 | A1 | B2 | C4 | D3 |
| Estudo de casos | Análise das necesidades educativas asociadas á atención ao alumnado con altas capacidades a partir da información recompilada mediante entrevistas, grupos de discusión e outras fontes documentais procedentes dos contextos educativos colaboradores. O alumnado identificará e interpretará as necesidades detectadas, así como os factores que condicionan a resposta educativa. | 10 | A1 | B2 B4 | C1 C3 | D2 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

I) Para superar a materia é necesario alcanzar o 50% da puntuación no Traballo tutelado e o 50% no resto de actividades. As actividades non superadas na primeira convocatoria poderán ser recuperadas na segunda convocatoria, manténdose as puntuacións en próbalas/actividades superadas.

II). Para poder optar ao sistema de avaliación continua, o alumnado deberá asistir (polo menos) a 4 das 6 sesións previstas para esta materia. O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá que realizar unha avaliación final mediante unha/s proba/s, relativas aos contidos nucleares da materia, coa data límite que marque o calendario do Máster para os exames oficiais. Esta proba de avaliación supoñerá o 100% da puntuación, e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado cando este realice a consulta, podendo ser un exame, a entrega de traballos previamente acordados e titorizados etc.

III) En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT). Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para profesionales en exercicio que acrediten un horario incompatible con las clases presenciais; en todo caso, garantindo a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para este alumnado.

IV) O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios  Facultade de Educación e Traballo Social) e á Normativa que estableza a UVigo

V) Esta materia participa nun proxecto de Aprendizaxe-Servizo (ApS) seleccionado na **Convocatoria de Proxectos de Aprendizaxe-Servizo 2026-2027 no marco da Axenda 2030 e dos seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**, financiada pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo. A través desta iniciativa, o alumnado desenvolverá actividades orientadas a dar resposta a necesidades reais da comunidade educativa, integrando a adquisición de competencias académicas e profesionais co compromiso social e a contribución aos ODS, especialmente aos relacionados coa educación de calidade e a redución das desigualdades.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

González Fontao, M.P., **Estudiantes con altas capacidades**, Andavira, 2010

Martínez Torres, M., **Alumnado con altas capacidades**, Graó, 2010

Wallace, B., Senior, J., & Sisk, D, **The SAGE handbook of gifted and talented education.**, SAGE Publications Ltd, 2018

Felicia D. and Todd K., **The Handbook of Secondary Gifted Education**, Editores: Felicia Dixon y Todd Kettler, 2026

### Bibliografía Complementaria

Caeiro, M. y Zurita, G. (Eds.), **Design thinking y acción:Innovación y colaboración en el Aula Híbrida con MIRO**, McGraw Hill, 2025

VanTassel-Baska, J., Hubbard, G. F., & Robbins, J. I., **Differentiation of Instruction for Gifted Learners: Collated Evaluative Studies of Teacher Classroom Practice**, Springer Singapore, 2022

Townend, G., Jolly, J. L. and Chew, A, **Professional development in gifted education: A systematic literature review**, Australian Journal of Teacher Education, 2024

## Recomendacións

### Outros comentarios

1. Asistir o primeiro día de clase resultarache moi beneficioso para comprender os obxectivos xerais da materia e a súa dinámica organizativa. Na primeira sesión, os profesores da materia darán unha visión de conxunto e anticiparán as tarefas e actividades que serán desenvolvidas.

2. Será especialmente importante acudir ás titorías dos/as profesores/as sempre que o necesites, así como a visita frecuente á plataforma docente da nosa Universidade TEMA. Nela poderás atopar todas as actividades que deberás realizar para a túa formación e a superación desta materia, avisos, cualificacións, etc.

3. A túa condición de alumno/a da Universidade de Vigo ábreche as portas a moitos recursos, ofertas e servizos. No SIOPE atoparás toda a información sobre as posibilidades formativas, culturais e deportivas que podes encontrar na nosa Universidade.

4. Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Medidas de Atención á Diversidade para Alumnas/Alumnos con Necesidades Educativas** | | | | |
| Materia | Medidas de Atención á Diversidade para Alumnas/Alumnos con Necesidades Educativas | | | |
| Código | O05M138V01203 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 4.5 | OB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa<br>Psicoloxía evolutiva e comunicación | | | |
| Coordinador/a | García Señorán, María del Mar | | | |
| Profesorado | Domínguez Alonso, José<br>García Señorán, María del Mar<br>Rodríguez Rodríguez, Juan Luís | | | |
| Correo-e | msenoran@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://www.masterdiversidade.com/index.php | | | |
| Descrición xeral | A materia Medidas de atención a a diversidad para alumnas/os con necesidades educativas forma parte do módulo Necesidades educativas especiais, e céntrase prioritariamente nos seguintes aspectos: As necesidades educativas do alumnado no currículo; a avaliación psicopedagóxica; o trastorno do espectro autista e os déficits atencionais. Esta materia contribúe a consecución dos obxectivos do máster centrados na adquisición de formación teórica de carácter multidisciplinar no ámbito das necesidades educativas especiais, no estudo de situacións reais en contextos educativos, na análise de experiencias educativas innovadoras, na adquisición do coñecemento necesario para a avaliación das necesidades dos alumnos/as con necesidades educativas especiais e de destrezas para o deseño e posta en práctica de propostas de intervención que contribuían ao avance da súa aprendizaxe | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| A3 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades. |
| A4 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe autodirixido ou autónomo que lles permitan continuar estudando ao longo da súa vida. |
| B2 | Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación. |
| B4 | Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas. |
| C1 | Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de decribir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar |
| C2 | Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras |
| C3 | Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador |
| C5 | Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica |
| C6 | Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional |
| C11 | Coñecer e aplicar procesos de toma de decisións relacionadas co tratamento da diversidade. Ser capaz de discernir as ideas nas que se fundamentan esas decisións, anticipando tamén os seus efectos |
| C13 | Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade |
| D2 | Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios |
| D3 | Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| Empregar recursos tecnolóxicos no ámbito das necesidades educativas | | | C2<br>C5<br>C13 | |
| Ser competente para delimitar conceptualmente a atención á diversidade desde a lexislación educativa, establecendo as categorías de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE) | | B2 | C1<br>C6<br>C13 | D3 |
| Capacidade para realizar procesos de diagnóstico aos ANEAE | A3 | | C1<br>C2<br>C3 | D2<br>D3 |
| Capacidade para deseñar e aplicar procesos de intervención educativa en ANEAE. | | B2<br>B4 | C2<br>C5<br>C11 | D2 |
| Capacidade para realizar o seguimento da implementación dos programas iniciados nos ANEAE. | | B2<br>B4 | C11<br>C13 | |
| Ser competente no coñecemento dos Trastornos de Espectro Autista, diagnóstico e intervención educativa | | B2<br>B4 | C1<br>C2<br>C6<br>C11 | D2 |
| Ser competente no coñecemento do Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade, diagnóstico e intervención educativa | | B2<br>B4 | C1<br>C2<br>C6<br>C11 | D2 |
| Elaborar materiais específicos para traballar cos ANEAE | A4 | | C5 | |
| Establecer os mecanismos de avaliación do proceso educativo implementado e canalizar propostas de mellora | | | C2<br>C3 | |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| MEDIDAS CURRICULARES E ORGANIZATIVAS NO ÁMBITO ESCOLAR | CONCEPTUALIZACIÓN DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE<br>ESCOLARIZACIÓN DOS ALUMNOS CON NEE<br>MEDIDAS CURRICULARES NO ÁMBITO ESCOLAR<br>MEDIDAS ORGANIZATIVAS NO ÁMBITO ESCOLAR |
| A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA | TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA<br>ELABORACIÓN DUN INFORME PSICOPEDAGÓXICO |
| INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA EN ESTUDANTES CON DÉFICIT DE ATENCIÓN | O PROCESO ATENCIONAL. FACTORES DETERMINANTES. DÉFICITS DA ATENCIÓN<br>O TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE. DIFICULTADES PERSOALES E ESCOLARES.<br>AVALIACIÓN E INSTRUMENTOS PARA O DIAGNÓSTICO DO TDAH<br>INTERVENCIÓN PARA A MELLORA DO PROCESO ATENCIONAL<br>ANÁLISE DE PROGRAMAS |
| INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA EN ESTUDIANTES CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA | TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA<br>MODELOS EXPLICATIVOS<br>DIAGNÓSTICO DO ESPECTRO AUTISTA<br>PROGRAMAS PSICOEDUCATIVOS EN ESTUDIANTES CON TEA<br>INTRODUCIÓN AOS MECANISMOS DE INTERVENCIÓN SISTÉMICA PSICO-SOCIO-EDUCATIVO E MÉDICO PSIQUIÁTRICA EN PERSOAS CON TEA |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Lección maxistral | 7 | 10 | 17 |
| Seminario | 6 | 0 | 6 |
| Estudo de casos | 7 | 19 | 26 |
| Resolución de problemas | 3 | 21.5 | 24.5 |
| Traballo | 9 | 30 | 39 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | Exposición por parte dos docentes dos contenidos sobre a materia, bases teóricas e/o directrices das actividades e traballos a desenvolver polos estudiantes |
| Seminario | Particiación activa do estudante na discusiión de casos ou actividades propostas na aula |

| | |
|---|---|
| Estudo de casos | Actividades de aplicación dos coñecementos adquiridos á análise de casos concretos. Coñecemento e valoración dos sistemas de avaliación e intervención para alumnos/as con necesidades educativas especiais |
| Resolución de problemas | Realización de exercicios e actividades de tipo práctico |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Estudo de casos | Proporcionaranse orientacións para o desenvolvemento das actividades, análise de casos e resolveranse as dúbidas expostas |
| Resolución de problemas | Supervisión e orientación das actividades, exercicios e proxectos de aula |
| **Probas** | **Descrición** |
| Traballo | Resolución de dúbidas e orientacións para a realización do traballo autónomo |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| Seminario | Actividade de módulo | 10 | A3 B2 C1 D2 A4 B4 C2 D3 C3 C5 C6 C11 C13 |
| Estudo de casos | Análise de casos concretos. Coñecemento e valoración dos sistemas de avaliación e intervención para alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo | 30 | A3 B2 C1 D2 A4 B4 C2 D3 C3 C5 C6 |
| Resolución de problemas | Realización de actividades, exercicios ou proxectos na aula baixa as directrices e supervisión do profesorado | 30 | |
| Traballo | Realización de traballos realizados autonomamente, titorizados polos docentes | 30 | A3 B2 C1 D2 A4 B4 C2 D3 C3 C5 C6 C11 C13 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

**AVALIACION CONTINUA**

Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización dos traballos de aula son obrigatorios para a avalición continua (obrigatorio asistir polo menos a 4 das 6 sesións). O/a alumno/a que falte a unha sesión deberá poñerse en contacto co/a docente para realizar a/s tarefa/s alternativa/s correspondente/s para seguir a avaliación continua.

Para superar a materia será necesario que os estudantes obteñan en cada proba ou actividade obxecto de avaliación como mínimo o 50% de cualificación nese apartado.

**AVALIACIÓN GLOBAL**

O alumnado que non poida seguir a avaliación continua terá unha proba de avaliación sobre os contidos nucleares da materia na data marcada no calendario do mestrado para os exames oficiais. Esta proba suporá o 100% da puntuación, os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi, denominado Alumnado non asistente no que se presentarán os detalles da mesma.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose aprobadas nese curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE

(PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vidal aboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para educadores en exercicioq ue acrediten un horario incompatible coas clases presenciales; en todo caso, garantindo a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento.

As datas dos exames oficiais poden consultarse na web do Mestrado:http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/

**USO DE FERRAMENTAS DE IA**

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativae formularios Facultade de Educación e Traballo Social) e á Normativa que estableza a UVigo.

---

**Bibliografía. Fontes de información**

**Bibliografía Básica**


Galve, J. L. e Ayala, C. L., **Evaluación e informes psicopedagógicos.**, CEPE, 2001

García-Señorán, M.,Tellado, F., Rodríguez,, J.L.,Iglesias-Sarmiento V., González,S Conde,A., Ares, M, **Evaluación e interpretación de las dificultades de aprendizaje y los trastornos del neurodesarrollo desde el modelo PASSEn A. Dosil. Afilar la mente como herramienta del pensar (pp.185-200).**, Servizo de Publicacións da Univ. de Vigo, 2021

Gómez, M.I., **TDAH y funciones ejecutivas. De la neurociencia al aula**, Pirámide, 2022

Guerrero, R., **Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividad**, Editorial Planeta, 2016

Horna, M., **Niños y niñas en el espectro del autismo**, CCS, 2021

Iglesias Cortizas, M. J., **Diagnóstico escolar. Teorías, ámbitos y técnicas.**, Pearson, 2006

Jarque, J., **Intervención educativa en el TDAH**, 3ª, CCS, 2020

Ojea, M., **Trastorno del espectro autista: Procesamiento de la información perceptivo-cognitivo mediante la creación de redes semánticas.**, Pirámide, 2018

Riart, J., **Manual de tutoría y orientación en la diversidad**, Pirámide, 2007

Rodríguez Rodríguez, J. L., **Manual de Modelos de Orietnación e Intervención Psicopedagógica en Galicia**, Tórculo Edicións., 2007


**Bibliografía Complementaria**


American Psychiatric Association, **DSM-5-TR**, 5ª, Editorial Médica Panamericana, 2023

Frith, U., **Autismo. Hacia una explicación del enigma**, Alianza Editorial, 2004


**Recomendacións**

**Outros comentarios**

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

## DATOS IDENTIFICATIVOS

**Prácticum**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Prácticum | | | |
| Código | O05M138V01204 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 12 | OB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa | | | |
| Coordinador/a | Failde Garrido, José María<br>Dapia Conde, María Dolores | | | |
| Profesorado | Dapia Conde, María Dolores<br>Failde Garrido, José María | | | |
| Correo-e | ddapia@uvigo.es<br>jfailde@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ten carácter obrigatorio. O seu propósito xeral e que o alumnado se poña en contacto directo con servizos e institucións que traballen con colectivos relacionados coa temática do máster. | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| A4 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe autodirixido ou autónomo que lles permitan continuar estudando ao longo da súa vida. |
| A5 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B3 | Establecer contacto directo con experiencias innovadoras relacionadas coa diversidade, valorando o seu interese e as posibilidades de ser transferidas a outros contextos profesionais semellantes, así como de ser aplicables a situacións novas e emerxentes. |
| C2 | Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras |
| C3 | Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador |
| C5 | Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica |
| C6 | Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional |
| C8 | Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe relacionado con algún dos módulos do mestrado |
| C13 | Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade |
| D1 | Utilizar as novas tecnoloxías en diferentes contextos: formativos, de investigación, de aplicación profesional, para difundir e compartir ideas, etc. |
| D2 | Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios |
| D5 | Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de opinións |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|
| Coñecer a estrutura e finalidades dos servizos ou institucións nos que se realicen as prácticas, así como analizar a documentación básica na que se sustente a actividade do servizo ou institución, tanto informes, programas como marco lexislativo, fixándose especialmente no relativo á diversidade | B3 | C2 |
| Desenvolver actividades de observación sistemática das actuacións dos profesionais e colaborar cos profesionais da institución ou servizo no que eles consideren pertinente | | C3 |
| Deseñar e, se é posible, poñer en práctica algunha proposta de intervención específica de inclusión e normalización da diversidade | | C2<br>C6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Deseñar un perfil profesional que inclúa actuacións relacionadas coa diversidade, perfís relacionados especialmente con novos xacementos de emprego | A4 | C3<br>C5<br>C8<br>C13 | |
| Utilizar as novas tecnoloxías da información e a comunicación adaptadas ao contexto laboral do practicum | | | D1<br>D2 |
| Adquirir habilidades de comunicación e traballo colaborativo con profesionais de diferente formación e responsabilidades | | | D5 |
| Adquirir condutas de respecto e axuda, en especial cara aquelas persoas ou colectivos que estean en risco de exclusión social ou de marxinación | | | D5 |
| Ser capaz de elaborar unha memoria que reflicta as aprendizaxes máis importantes adquiridas no practicum, seguindo a estrutura recomendada polo titor ou titora do máster | A5 | C2 | |

**Contidos**

| Tema | |
|---|---|
| Contextualización das prácticas: descripción da institución ou servizo | Ámbitos de intervención. |
| As institucións e servizos que se ofrecen no Practicum | Listado de institucións colaboradoras. |
| -As prácticas externas como instrumento de desenvolvemento de profesionais en formación e nobeles | Marco de actuación.<br>Directrices de actuación. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Prácticum, Practicas externas e clínicas | 120 | 150 | 270 |
| Seminario | 20 | 10 | 30 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Prácticum, Practicas externas e clínicas | O estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión |
| Seminario | Asesoramento realizado tanto con anterioridade ao comezo das práticas como durante a súa realización. A titorización ademáis de se realizar en grupo, tamén se ofrecerá individualmente |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Seminario | A atención ao alumnado realizaráse a través de diversas vías: Moovi, campus remoto uvigo, correo electrónico, telefónicamente. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete. |
| Prácticum, Practicas externas e clínicas | A atención ao alumnado realizaráse a través de diversas vías: Moovi, campus remoto uvigo, correo electrónico, telefónicamente. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Prácticum, Practicas externas e clínicas | (1) Informe da titora ou titor externo (ata o 50%)<br><br>(2) Valoración, por parte da titora ou titor académico, da memoria de prácticas no que se describan as actividades realizadas no practicum e a valoración persoal dende unha óptica profesional sobre a experiencia nas prácticas (ata 40%) | 90 | A4<br>A5 | B3 | C2<br>C3<br>C5<br>C6<br>C8<br>C13 | D1<br>D2<br>D5 |
| Seminario | Seguimento da titora ou titor do mestrado do labor desenvolvido no practicum | 10 | A4<br>A5 | B3 | C2<br>C3<br>C5<br>C6<br>C8<br>C13 | D1<br>D2<br>D5 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

O Practicum nas institucións ten unha duración de 120 horas. Cada estudante terá unha titora ou titor tanto no mestrado como na institución de prácticas. Daráselle ao alumnado a información e documentación necesaria.
A memoria terá unha extensión máxima de 10 folios.
As actividades non superadas/realizadas na 1ª convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións nas probas/actividades superadas. As datas dos exames oficial poden consultarse na web do mestrado: http://www.masterdiversidade.com/index.php.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para educadores en exercicio que acrediten un horario incompatible con las clases presenciales; en todo caso, garantizando a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para este alumnado

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios  Facultade de Educación e Traballo Social) e á Normativa que estableza a UVigo

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

García Fernández, J.A., Moreno Herrero,I. (coords.),, **Escuela, diversidad cultural e inclusión**, La catarata, 2014

Sorinano, E., **Diversidad étnica y cultural en las aulas**, La Muralla, S.A (Aula abierta), 2003

Gento, S y Sanchez, C., **EL PRÁCTICUM EN EL TRATAMIENTO EDUCATIVO DE LA DIVERSIDAD**, UNED, 2010

### Bibliografía Complementaria

Pineda, P., **E reto de aprender, un relato desde la diversidad.**, San Pablo, 2013

## Recomendacións

### Outros comentarios

- As horas de prácticas nas institucións ou servizos son 120
-Documentación básica que se entrega ao estudiante:
o Ficha de avaliación
o Ficha de sinaturas
o Impreso de solicitude de certificado de titor/a do practicum
-Estructura básica da memoria:
o Introducción
o Contextualización
o Actividades realizadas no practicum
o Valoración do practicum
o Anexos

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS)

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Traballo de Fin de Máster** | | | | |
| Materia | Traballo de Fin de Máster | | | |
| Código | O05M138V01205 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 12 | OB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Didácticas especiais | | | |
| Coordinador/a | Díaz Pereira, María del Pino | | | |
| Profesorado | Díaz Pereira, María del Pino | | | |
| Correo-e | pinod@uvigo.gal | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O Traballo fin de Máster é unha materia obrigatoria que pretende que o alumnado adquira a competencia básica de elaboración dun estudio que reflicta algunha das temáticas do máster, a través da elaboración de programas, a avaliación de posta en práctica de programas, ou a realización de estudos de caso | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Posuír e comprender coñecementos relacionados co ámbito da diversidade que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| A2 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos relacionados coa diversidade e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| A3 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades. |
| A4 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe autodirixido ou autónomo que lles permitan continuar estudando ao longo da súa vida. |
| A5 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B1 | Adquirir unha formación teórica de carácter multidisciplinar e comprender os fundamentos teóricos-prácticos relacionados cos ámbitos de diversidade, con énfase nas necesidades educativas especiais, interculturalismo, compensación de desigualdades, sexo/xénero e educación de persoas adultas. |
| C1 | Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de decribir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar |
| C2 | Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras |
| C4 | Realizar estudos sistemáticos, sobre todo os que impliquen avances de prácticas educativas, sendo capaz de difundilos con claridade a diverso tipos de audiencias. |
| C8 | Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe relacionado con algún dos módulos do mestrado |

| Resultados previstos na materia | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
| Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten a análise e reflexión sobre as prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, en especial de aquelas que posúan un alto grao de innovación | A1<br>A2<br>A4 | B1 | C1 |
| Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe | A2<br>A3 | | C2<br>C4<br>C8 |
| Realizar estudos sistemáticos, sobre todo os que impliquen melloras de prácticas educativas relacionadas coa diversidade | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5 | B1 | C1<br>C2<br>C4<br>C8 |

| | | |
|---|---|---|
| Ser capaz de defender oralmente o traballo fin de máster con claridade e organización | A3 | C4 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Contidos relacionados con algún dos módulos do máster.O tema do TFM poderá estar relacionado con algún problema identificado no contexto institucional no que foi realizado o Practicum. Neste sentido, a utilidade do traballo será un criterio a considerar na avaliación do TFM. | O enfoque desde o que se aborda o problema pode ser diverso e ter diferentes obxectivos; por exemplo:<br><br> Avaliación dalgún aspecto profesional do Servizo ou Institución onde se realizaron as prácticas.<br> Deseño dun programa de intervención, suficientemente detallado como para poder ser aplicado. Deberá ter en conta a perspectiva da diversidade abordada no Máster.<br> Aplicación e avaliación dun programa de intervención.<br> Estudo de casos |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | 20 | 280 | 300 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | Elaboración e presentación por escrito e defensa oral dun traballo relacionado coas competencias e temáticas xenéricas do máster |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | Valorarase na elaboración do TFM que se siga a estructura recomendada para cada tipo de traballo (elaboración de programas, estudos de caso, perfil de usuarios ou avaliación de programas), así como os criterios de calidade que se lle entregarán ao alumnado. Ademáis dos criterios mencionados, teráse en conta a calidade da defensa oral do TFM (ata 7 puntos a realización memoria do traballo e ata 3 puntos a sía defensa oral) | 100 | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5 | B1 | C1<br>C2<br>C4<br>C8 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación do TFM realizarase en primeira instancia polo titor académico, que dará o seu visto e prace, para proceder á súa defensa pública oral ante un tribunal constituído por tres profesores/as do Máster. O tribunal emitirá unha puntuación final entre 0-10 puntos (ata 7 puntos pola realización da memoria do traballo e ata 3 puntos pola calidade da súa defensa oral). Os alumnos solicitarán a presentación e avaliación do TFM co visto e prace do seu respectivo titor académico.

Os criterios de avaliación están publicados na web do mestrado.

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios  Facultade de Educación e Traballo Social) e á Normativa que estableza a UVigo

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

### Bibliografía Complementaria

## Recomendacións

**Outros comentarios**

NORMAS BÁSICAS DE PRESENTACIÓN

Na web do Mestrado, apartado Materias - TFM, recóllense as orientacións para a realización e presentación do TFM.